



XUNTA
DE GALICIA

UNIDADES DIDÁCTICAS

HISTORIA DO POBO XITANO

- >> EDUCACIÓN INFANTIL
- >> EDUCACIÓN PRIMARIA
- >> EDUCACIÓN SECUNDARIA



HISTORIA DO POBO XITANO

- >> EDUCACIÓN INFANTIL
- >> EDUCACIÓN PRIMARIA
- >> EDUCACIÓN SECUNDARIA

TÁBOA DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN	4	UNIDADE DIDÁCTICA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	106
1. Contextualización.....	5	Nin máis nin menos.....	107
2. Fundamentación.....	7	Ensinanza xitana!!.....	131
3. Marco legislativo.....	8	BIBLIOGRAFÍA	152
4. Deseño das Unidades Didácticas.....	11	Bibliografía.....	153
5. Avaliación da práctica docente.....	15		
UNIDADE DIDÁCTICA EDUCACIÓN INFANTIL	16		
Somos únicos... e diferentes!!.....	17		
UNIDADE DIDÁCTICA EDUCACIÓN PRIMARIA	38		
Maletas de vida.....	39		
Romanís na historia.....	61		
Orgullo de ser xitana!.....	84		

①

INTRODUCCIÓN



1. CONTEXTUALIZACIÓN

Falar da orixe do **pobo xitano** (tamén chamado rom, roma ou romaníes) segue a ser complicado debido, sobre todo, a dous aspectos:

- » A cultura xitana é ágrafa, non conservando por escrito a súa procedencia.
- » A súa historia sempre foi estudada por persoas non romaníes, conferíndolle matices etnocentristas.

E si pouco se sabe da súa historia menos se sabe sobre a súa escolarización, quedando resumida ao longo de case seis séculos como excluín-te, segregadora e non inclusiva.

Como en calquera comunidade, a xitana, está formada por un grupo moi heteroxéneo. En Galicia viven arredor dunhas 13.000 persoas desta etnia que están asentadas principalmente nas sete cidades e nas principais vilas, sendo moi escasa a súa presenza no medio rural. A presenza queda plasmada na concentración de máis do 70% da poboación xitana nas cidades e vilas do eixe Atlántico.

A comunidade xitana en Galicia está formada polos seguintes grupos:

- » **Os galegos:** aqueles que se asentaron orixinariamente en Galicia desde hai dous séculos e que son maioritarios na nosa comunidade.
- » **Os zamoranos:** segundo grupo en importancia orixinarios de Zamora, Valladolid e resto de Castela e León. Veñen a Galicia a partires dos anos 70 buscando mercados para a venda ambulante.
- » **Os húngaros:** forman parte dunha rama os ROM, minoritaria en España (onde predominan os Kaló), orixinarios dos Balcáns chegan a España durante a 2ª guerra mundial fuxindo da persecución nazi.
- » **Os xitanos portugueses:** deberíamos falar dos supostos xitanos portugueses, xa que aínda que existe algunha familia de xitanos portugueses en Galicia, a gran maioría dos así denominados non son de etnia xitana, son persoas provenientes da rexión de Tras os Montes.
- » **Os xitanos provenientes do leste:** nos últimos tempos aparecen nas nosas localidades gran cantidade de persoas de países do leste; pertencen ao grupo Rom.

A maioría desta poboación vive en vivendas normalizadas (arredor do 80%) pero o chabolismo non se erradicou de todo xa que aínda quedan unha ducia de asentamentos chabolistas presentes nas catro provincias galegas.

A existencia dunha cultura propia é un feito incuestionable para o pobo xitano, podendo recoñecer tres elementos fundamentais na súa identificación como minoría étnica:

- » A idea dun **carácter común** (orixe, raíz oriental, historia, trazos,...)
.....
- » A **interacción** con outros grupos nun contexto plural e máis ou menos **xerarquizado**.
.....
- » A **diferenciación doutros grupos**, cun sistema cultural ou de valores propio, caracterizado pola familia, a coincidencia dunha orixe común, o recoñecemento e orgullo de ser xitanos e xitanas, a solidariedade, a liberdade, o espírito de adaptación, o sistema simbólico....

O pobo xitano, disperso por todo o mundo, está unido por un denominador común que é a súa lingua, o **Romanó**. Esta, de raíces sánscritas, é **unha das linguas máis antigas**, estímase que é falado por máis de dez millóns de persoas. En España fálase o **caló** (dialecto do Romanó), pero existe unha perda do seu uso debido a

causas variadas, todas teñen en común non dispoñer de medios e educación cultural para loitar contra as dificultades que se lle foron presentando ao longo da historia. O pobo xitano español, xunto co portugués, é o que peor coñece a súa lingua, malia todo, millóns de xitanos e xitanas de todos os países falan entre eles e elas perfectamente por medio desa lingua común que mantiveron durante séculos.

Como é o proceso de normalización na actualidade?

Fronte a un proceso case espontáneo de **inclusión das familias** que residen no **núcleo urbano**, dáse unha marxinación cada vez máis notoria entre as que permanecen en poboados marxinais; o desemprego, hábitos saudables, absentismo escolar... teñen nestes núcleos unha grande incidencia.

A poboación xitana que reside nestes poboados é cada vez máis reducida e en consideración cos que viven en vivendas normalizadas son minoritarios. Pola contra a sociedade maioritaria tende a percibir soamente aos xitanos dos núcleos marxinais, sen darse conta dos “xitanos invisibles” que adoitan ter un modo de vida normalizado, a pesar de que estes últimos son os que mellor conservan a súa cultura e tradicións.

2.FUNDAMENTACIÓN

O pobo xitano ven compartindo **desde hai 6 séculos** o territorio español, considerando innegables as súas achegas á nosa identidade nacional.

É nos centros educativos onde debería producirse a normalización cultural a través do currículo (explícito e oculto), a través da súa organización, estrutura, métodos de ensino, materiais didácticos, etc. Segundo Gimeno Sacristán (1993) **se un grupo social non ve reflectida a súa cultura na escolaridade ou se fai visible menos que as dos outros grupos, seguirá tendo un problema de igualdade de oportunidades.**

Segundo a *"Estrategia Nacional para la Igualdad, Inclusión y Participación del Pueblo Gitano 2021-2030"* (Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030) nos últimos anos acadáronse as metas establecidas en relación co acceso de nenas e nenos xitanos á Educación Infantil e o **incremento da escolarización** en Educación Primaria e Secundaria (no caso dos homes), así como una **redución das taxas de persoas xóvenes xitanas que non estudan nin traballan** en máis de 27 puntos porcentuais con respecto a comezos da década. Así mesmo, lográronse **avances notables** en que as nenas e nenos xitanos cursen os niveis educativos correspondentes á súa idade no tramo de 7 a 14, e anos na escolarización das nenas xitanas en Educación Secundaria.

Os centros educativos precisan espazos nos que o alumnado **se sinta seguro**, se promocióne o **diálogo intercultural** e se favoreza a **convivencia**, impulsando deste xeito o progreso da sociedade en xeral.

A **inclusión**, como principio fundamental do actual sistema educativo, está presente en diferentes documentos nacionais e internacionais. Neles refórzase a idea de que todas as **accións e iniciativas incluídas nun proxecto educativo de calidade**, deben desenvolverse en ambientes inclusivos. Os centros educativos deben constituírse como comunidades democráticas, espazos de participación cívica nos que se fomente a perspectiva de xénero cara ao éxito escolar e nos que se garante a acollida ao alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, de xénero...).

Por todo elo debemos **apostar polo interculturalismo** entendendo este como o acercamento e a relación entre distintas culturas.

A escola intercultural debe promover a **expresión cultural de todos os seus membros**, fomentar a escola plural que permita o respecto e a convivencia de todas as culturas. O sistema escolar ten que **ter en conta as características específicas das minorías etnoculturais**. A educación intercultural implica unha nova articulación das culturas separadas, pois non se trata soamente de dar información sobre a existencia de distintas culturas senón de practicar un mutuo coñecemento dos membros que estean presentes e promover actitudes de acercamento.

Estas Unidades Didácticas reflicten este pensamento e tratan de achegarnos ás diferentes culturas existentes dentro da aula interaccionando entres elas.

3. MARCO LEGISLATIVO

No ano 2011 a Comisión Europea aprobou por primeira vez o *"Marco europeo para as estratexias nacionais de integración da poboación xitana ata 2020"* e como consecuencia, todos os países da Unión Europea tiveron que elaborar as *"Estratexias Nacionais de Integración dos Xitanos"*.

Nesta liña, en España estívoise a desenvolver a *"Estrategia Nacional para la Inclusión Social de la Población Gitana en España, 2012-2020"* e en Galicia, *"Estratexia de Inclusión Social de Integración da Poboación Xitana en Galicia, 2014-2020"* na que se identifican as claves da integración das persoas xitanas e as áreas onde é necesario incidir:

- » **A Educación**, para cortar a fenda de transmisión xeracional da pobreza e propiciar un cambio no futuro.
.....
- » **A Formación e o Emprego**.
.....
- » **A Vivenda e a Saúde**.

Máis recentemente publicouse a *Estrategia Nacional para la Igualdade, Inclusión y Participación del Pueblo Gitano 2021-2030* do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, deseñando unha proposta integral baseada en tres eixes de actuación: Inclusión social, Igualdade e Participación. A Educación está presente no ámbito da Inclusión Social, destacándose un aumento considerable na escolarización nas etapas de Infantil, Primaria e Secundaria, así como unha redución das porcentaxes de persoas xóvenes que non estudan nin traballan con respecto á comezos da década. Tamén é destacable os avances en que os rapaces e rapazas cursen os niveis correspondentes á súa idade nas etapas de 7 a 14 anos.

Por outro lado, como **aspectos a mellorar**, considéranse o **analfabetismo** nas **persoas adultas**, as **tasas de éxito académico** na Educación Secundaria, o **acceso á Educación Terciaria** e o **acceso ás tecnoloxías** e educación dixital. Tamén se destaca como obxectivo prioritario a **permanencia das nenas e mulleres xóvenes xitanas no ámbito académico**.

Igualmente, publicouse o *Protocolo orientativo para a inclusión da historia e a cultura xitana no currículo escolar e na práctica docente do Centro Nacional de Innovación e Investigación Educativa* (Ministerio de Educación e Formación Profesional) publicado no ano 2019. Baséase nunha profunda reflexión e análise da historia do pobo xitano e a súa situación actual, concluíndo que existe un racismo específico, definido co termo *"Antigitanismo"*

(Cortés, 2019) que ten como principal característica as desvantaxes no acceso ás oportunidades vitais socialmente dispoñibles. A partires desta situación proporciónanse orientacións para traballar actividades integradas sobre o pobo xitano.

A fundamentación desta proposta inclusiva ten como punto de partida os seguintes **documentos**:

- » **Declaración Universal dos Dereitos Humanos** (1948, art.26) recolle que "Toda persoa ten dereito á educación... e que esta dirixirse ao pleno desenvolvemento da personalidade e a fortalecer o respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais..."
- » **Convención sobre os dereitos do neno** (1989, art. 23.3), que establece o compromiso e a obriga dos Estados na educación. "En atención ás necesidades especiais do neno [...] estará destinada a asegurar que o neno impedido teña un acceso efectivo á educación, á capacitación, aos servizos sanitarios, aos servizos de rehabilitación, á preparación para o emprego e ás oportunidades de esparcemento e reciba tales servizos co obxecto de que o neno acade a integración social e o desenvolvemento individual, incluído o seu desenvolvemento cultural e espiritual, na máxima medida posible".
- » **Conferencia Mundial sobre Educación para todos Jomtiem** (Tailandia, 1990), "existe un compromiso internacional para

satisfacer as necesidades básicas da aprendizaxe de todos os individuos, e universalizar o acceso e promover a equidade".

- » **Declaración de Salamanca e marco de acción para as necesidades educativas especiais, organizado polo goberno español en cooperación coa Unesco onde se firmaron os principios, valores, liñas políticas e principais prácticas en relación á educación das persoas con necesidades educativas especiais** (1994) que nun dos seus apartados resalta o seguinte: "O principio fundamental que rexe as escolas integradoras é que todos os nenos deben aprender xuntos, sempre que sexa posible, facendo caso omiso das súas dificultades e diferenzas. As escolas integradoras deben recoñecer as diferentes necesidades do seu alumnado e responder a elas, adaptarse aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e garantir un ensino de calidade por medio dun programa de estudos apropiado, unha boa organización escolar, unha utilización atinada dos recursos e unha asociación coas súas comunidades. Debería ser, de feito, unha continua prestación de servizos e axuda para satisfacer as continuas necesidades especiais que aparecen na escola".
- » **Informe da UNESCO da Comisión Internacional sobre a educación para o século XXI**, no seu afán por democratizar a educación, propón un novo modelo no que se ofrecen as mesmas oportunidades a todos os individuos dunha mesma comunidade. "A Educación Inclusiva implica que todos os nenos

e nenas dunha determinada comunidade aprendan xuntos independentemente das súas condicións persoais, sociais ou culturais, incluso aqueles que presentan discapacidade.” (UNICEF, UNESCO)

- » **A Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade**, de 2006, adica o seu artigo 24 ao dereito á educación desde unha perspectiva de dereitos humanos, de acordo co modelo ecolóxico da discapacidade, presente en toda a Convención, e de acordo cos seus principios xerais: respecto, non discriminación, participación e inclusión, igualdade de oportunidades... Deste xeito, ademais de establecer a obriga de garantir un sistema de educación inclusivo, prohíbe que as persoas con discapacidade queden excluídas do sistema xeral de educación por esta razón.
-

- » **Foro mundial sobre a Educación 2015 en Incheon**, aprobaron a Declaración de Incheon para a Educación 2030, na que se presenta unha nova visión da educación para os seguintes 15 anos. Esta nova visión queda recollida plenamente no obxectivo de desenvolvemento proposto “Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos”.

No noso país, a lexislación vixente reflicte as propostas anteriores a través das seguintes **disposicións normativas**:

- » **A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)**, na redacción dada pola **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro**, recolle no capítulo segundo que para impulsar a equidade do sistema educativo, se fortalecen os obxectivos e as actuacións que deben levar a cabo as Administracións educativas ante as persoas, grupos, entornos sociais e ámbitos territoriais que se encontren en situación de vulnerabilidade socioeducativa e cultural, a fin de eliminar as barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación e aprendizaxe. Con elo quérense asegurar os axustes razoables en función das necesidades individuais e prestar o apoio necesario para fomentar seu máximo desenvolvemento educativo e social, de maneira que todos podan acceder a una educación inclusiva, en igualdade de condicións cos demais. Por outra parte, se sinala que, na admisión do alumnado en centros públicos e privados concertados, as Administracións públicas garantirán o dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e non discriminación e a liberdade de elección de centro por país, nais o titores legais e atenderán a unha adecuada e equilibrada distribución entre os centros escolares do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Así mesmo velarán para evitar a segregación do alumnado por razóns socioeconómicas ou doutra natureza.
-

- » **O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade** do alumnado dos centros docentes da

Comunidade Autónoma de Galicia, fai referencia a que a escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, debe asegurar a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo ordinario. Igualmente, faise referencia á atención educativa do alumnado pertencente a familias itinerantes.

- » **Orde do 8 de setembro de 2021**, polo que se desenvolve O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta Orde inclúese entre o alumnado con necesidade específica de apoio educativo a aqueles alumnos/as que se atopen en "situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural". No artigo 8 desta Orde aclárase que se refire a alumnado que "presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole".

Neste mesmo artigo tamén se establece que a Consellería e os propios centros docentes asegurarán a eliminación das barreiras que poidan limitar o acceso, a presenza, a participación ou a aprendizaxe do alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural, garantindo o acceso a unha educación inclusiva, de calidade e en igualdade de condicións co resto de alumnas e alumnos. Por último,

destácase a importancia de evitar calquera tipo de segregación deste alumnado no propio centro docente.

4. DISEÑO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Estas Unidades Didácticas pretenden dar unha resposta eficaz na **construción dun currículo integrado** que facilite a aprendizaxe das competencias clave e que relacionen todos os elementos curriculares.

Neste modelo de programación únense de xeito eficaz os niveis de integración que favorecen a **aprendizaxe das competencias clave** ademais de acadar un equilibrio entre os elementos que a constitúen como a **concreción curricular**, a **transposición didáctica** e a **valoración das aprendizaxes**.

As Unidades Didácticas propostas neste documento contan cos seguintes **apartados**:



1. IDENTIFICACIÓN



2. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN



3. DESEÑO CURRICULAR



4. CONCRECIÓN CURRICULAR



5. SECUENCIA DE ACTIVIDADES



6. METODOLOXÍA



7. AVALIACIÓN

7.1. RÚBRICA

7.2. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE



8. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR



9. ANEXOS

4.1. Xustificación legislativa

As actuais disposicións legais que regulan o currículo das etapas educativas na nosa Comunidade Autónoma propoñen, con carácter xeral, a selección de metodoloxías variadas, axeitadas ás características e ritmos de aprendizaxe do alumnado garantindo así a igualdade de oportunidades e asegurando que cada alumno e alumna vai adquirindo progresivamente maiores niveis de desempeño competencial e avanzando cara ao máximo desenvolvemento das súas potencialidades, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

O **decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia** propón nas liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe o achegamento do alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén doutras, desde unha perspectiva aberta, crítica e ilustradora, que potencie en todo momento actitudes de respecto e de aprecio.

No caso da Educación Primaria e a Educación Secundaria Obrigatoria, tanto o **decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia como o **decreto 156/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade

Autónoma de Galicia, recomendan potenciar unha **aprendizaxe por competencias** seleccionando metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo a través do desenvolvemento de tarefas e actividades encamiñadas á **resolución de problemas en contextos da vida real**. O enfoque metodolóxico debe sustentarse no deseño de situacións de aprendizaxe que lle permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Partirase dunha **metodoloxía activa e participativa**, favorecedora do traballo individual e cooperativo do alumnado. Estas situacións de aprendizaxe deben posibilitar a **resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos en contextos concretos**, educativos, sociais e profesionais, e nos que a finalidade sexa o logro dun produto ou dun desempeño eficaz. Do mesmo xeito, facilitan a personalización dos procesos de ensino aprendizaxe, á atención á diversidade do alumnado e o seu acceso á educación común.

No deseño das situacións de aprendizaxe deben considerarse todos os elementos do currículo pero cobran especial interese os **procedementos de avaliación** que terán un **carácter formativo e formador**. Os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación permiten avaliar tanto os resultados de área como o nivel competencial alcanzado polo alumnado.

4.2. Unidades didácticas

EDUCACIÓN INFANTIL

→ **"Somos únicos...e diferentes!"**

EDUCACIÓN PRIMARIA

→ 2º Educación Primaria: **"Maletas de vida"**

→ 4º Educación Primaria: **"Romanís na historia"**

→ 6º Educación Primaria: **"Orgullo de ser xitana!"**

EDUCACIÓN SECUNDARIA

→ 2º da ESO: **"Nin máis nin menos"**

→ 4º da ESO: **"Ensinanza Xitana"**

5. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Con motivo da entrada en vigor da **LOMLOE** no sistema educativo e para facilitar o deseño e a implementación dos novos currículos en Galicia, a estrutura curricular das diferentes etapas educativas é homoxénea, considerando como eixo vertebrador o desenvolvemento das **competencias clave**. Así, nas etapas educativas de Infantil, Primaria e Secundaria existe un Decreto que establece o currículo e unha Orde que o desenvolve e ademais, concreta os aspectos relativos á avaliación de cada etapa. De xeito máis concreto, podemos citar as seguintes:

- » **Orde do 30 de maio de 2023** pola que se desenvolve o **Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- » **Orde do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o **Decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- » **Orde do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o **Decreto 156/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria

na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Nesta proposta didáctica contempláronse diversos aspectos comúns establecidos nas anteditas Ordes, entre eles, os referidos á avaliación do proceso de ensino e da práctica docente. Nas tres etapas educativas establécese que as programacións didácticas incluírán indicadores de logro que, como mínimo, deben de considerar os seguintes aspectos:

- A.** A **adecuación da programación didáctica** e da súa propia planificación ao longo do curso académico.
- B.** A **metodoloxía** empregada.
- C.** A **organización** xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.
- D.** As **medidas de atención á diversidade**.
- E.** O **clima de traballo** na aula.
- F.** A **coordinación** co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.

Xa que estes indicadores son a referencia para realizar o seguimento das programacións didácticas, consideramos necesario concretar en cada unha das unidades didácticas os aspectos a analizar para valorar a nosa práctica docente.

②

UNIDADE DIDÁCTICA EDUCACIÓN INFANTIL





1. IDENTIFICACIÓN

Título da unidade didáctica:

SOMOS ÚNICOS... E DIFERENTES!!

Áreas traballadas:

Etapa: Educación infantil

Cursos: 4º, 5º, 6º

- » Comunicación e representación da realidade
- » Crecemento en harmonía
- » Descubrimento e interacción coa contorna



2. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN

Esta unidade didáctica pretende introducir na primeira etapa do sistema educativo (aínda que non obrigatoria) o **respecto polas diferenzas físicas e culturais**, en concreto **cara o pobo xitano**, a partir do traballo da súa propia imaxe, identidade e cultura.

O elemento motivador que se emprega é o texto *"Melodía en la ciudad"* de Benjamín Lacombe que presenta a través dun texto literario fermosamente ilustrado, os modos de vida opostos dunha nena xitana e dun neno non xitano evidenciando os diferentes valores culturais.



3. DESEÑO CURRICULAR

A selección de obxectivos, contidos e criterios de avaliación correspondentes a cada nivel do segundo ciclo de Educación Infantil preséntanse nesta táboa para poder ver a relación e coherencia entre eles o que permite adaptala aos tres niveis deste ciclo educativo.

ÁREA I COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS
<p>CA4.2. Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.</p> <p>CA4.4. Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...</p> <p>CA5.3. Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.</p> <p>CA7.3. Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.</p>	<p>Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.</p> <p>Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.</p> <p>Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números...</p> <p>Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</p> <p>Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.</p> <p>Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional e/ou étnico-cultural.</p> <p>Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</p> <p>Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.</p> <p>Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.</p>	<p>» Obxectivo 4</p> <p>» Obxectivo 5</p>

ÁREA II CRECEMENTO EN HARMONÍA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS
<p>CA1.2. Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal.</p> <p>CA1.7. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.</p> <p>CA2.8. Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.</p> <p>CA4.6. Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.</p> <p>CA4.8. Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.</p>	<p>Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</p> <p>Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</p> <p>Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</p> <p>Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.</p> <p>Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.</p> <p>Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</p>	<p>» Obxectivo 1</p> <p>» Obxectivo 4</p>

ÁREA III DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS
CA4.3. Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.	» Obxectivo 4



4. CONCRECIÓN CURRICULAR

ÁREA I COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA UNIDADE	CONTIDOS DA UNIDADE
<p>CA4.2. Identificar algunha das características textuais e paratextuais en textos literarios libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.</p> <p>CA4.4. Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non: texto descriptivo, texto expositivo e lema.</p> <p>CA5.3. Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.</p> <p>CA7.3. Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.</p>	<p>Creación de textos escritos (descriptivo, expositivo e lema) en diferentes soportes desde as escrituras indeterminadas e algunhas das súas propiedades: función, relación co real, modo de lectura,...</p> <p>Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.</p> <p>Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos sobre a cultura xitana (modo de lectura, personaxes e estrutura). Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos étnico culturais.</p> <p>Aproximación ao retrato e autorretrato. Positivo e negativo, a cámara de fotos e o proxector.</p> <p>Empatía cara as características persoais.</p>

ÁREA II CRECEMENTO EN HARMONÍA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA UNIDADE	CONTIDOS DA UNIDADE
<p>CA1.2. Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes.</p> <p>CA1.7. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.</p> <p>CA2.8. Aceptar as diferenzas individuais evitando todo tipo de discriminación: afecto e empatía</p> <p>CA4.6. e CA4.8. Participar, desde unha actitude de respecto á diversidade, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese e trato non discriminatorio.</p>	<p>Esquema corporal. O rostro e os seus detalles.</p> <p>Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</p> <p>Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo/a, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</p> <p>Habilidades socioafectivas e de convivencia, rexeitamento de calquera tipo de discriminación.</p> <p>Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna: rasgos distintivos da cultura xitana: flamenco, baile, valores familiares, costumes, etc.</p>


ÁREA III DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA UNIDADE	CONTIDOS DA UNIDADE
<p>CA4.3. Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.</p>	<p>A familia e os distintos modelos familiares na cultura xitana.</p>

 5. SECUENCIA DE ACTIVIDADES**Produto final de uso social**

Exposición de autorretratos realizados polo alumnado nun espazo público co lema "*Somos únicos...e diferentes. Polo respecto e a igualdade!*" acompañados de frases, palabras, ideas... que reforcen a tolerancia e a empatía.

Se o espazo é unha residencia de anciáns, a sala de espera dun centro de saúde, o casco antigo,... pode converterse nunha actividade servizo.



TAREFA 1

- » Lectura do conto "Melodía en la ciudad"
- » Descrición das personaxes principais.

Relación de actividades

1. Recollida de ideas previas antes da lectura. A través dunha conversa e/ou a través dun debuxo acerca das persoas xitanas.
.....
2. Lectura do texto por parte do mestre ou mestra sen visualizar as ilustracións para que o alumnado centre a súa atención no contido do mesmo.

3. Visualización posterior, preferentemente dixitalizadas as imaxes, para complementar a información do texto.

.....

4. Como se fai unha descrición? Nesta [ligazón](#) atoparás información sobre a descrición.

.....

5. Descrición do neno protagonista do conto.

.....

6. Descrición da nena protagonista do conto incidindo nas diferenzas físicas entre as dúas personaxes.

.....

7. En equipos realizar a descrición de cada neno e nena da aula.

.....

8. Expoñelas acompañadas dunha fotografía do rostro.

.....

9. Ser diferente fisicamente faite mellor ou peor? Reflexión.

.....

10. Descrición subxectiva de cada neno e nena realizada polas familias.

TAREFA 2



- » Busca de información sobre o pobo xitano e tres características moi relevantes: trazos físicos máis frecuentes, léxico específico da súa lingua, manifestacións artísticas máis destacada fronte á cultura propia.
- » Elaborar un breve texto expositivo ilustrado con imaxes que recolla as características culturais do pobo xitano a partir das páxinas consultadas e a información recibida. Recollela nun dossier ou presentación para poder compartilo coa comunidade educativa.

Relación de actividades

1. Buscar documentación (guiada polo mestre ou mestra) e realizar unha lectura dos datos máis relevantes referidos ao pobo xitano.
.....
2. Organizados en equipos anotalos para elaborar un texto expositivo.
.....
3. Buscar documentación (guiada polo mestre ou mestra) e realizar unha lectura dos datos máis relevantes referidos ao idioma caló.
.....
4. En equipos anotalos para elaborar un texto expositivo.
.....
5. Dos documentos que se presentan nas diferentes ligazóns, realizar unha lectura dos datos máis relevantes referidos á cultura xitana e ao valor da familia: [Nosoutros os xitanos](#). [A comunidade xitana](#).
.....
6. Anotalos, organizados en equipos, para elaborar un texto expositivo.
.....

7. Seleccionar a información recollida referida a:
 - » Costumes e tradicións
 - » Organización familiar
 - » Gastronomía
 - » Idioma
 - » Folclore: música e baile

8. Reescritura desa información contrastada destacando con negriña as palabras clave. A persoa docente será a encargada de transcribir.

9. Seleccionar imaxes, preferentemente fotografías, para ilustrar o texto.

10. Edición dun dossier ou presentación para compartir coa comunidade educativa que recolla o texto elaborado polo alumnado e as imaxes seleccionadas.



TAREFA 3

» Presentar o autorretrato, a Frida Kahlo e Vincent Van Gogh

Relación de actividades

1. Recollida de ideas previas acerca do que é un autorretrato.
.....
2. Buscar información na rede sobre Frida Kahlo.
.....
3. Manter unha conversa acerca de que é un autorretrato.
.....
4. Coñecer a Vincent Van Gogh e os seus autorretratos a través de información da rede.
.....
5. Ler unha definición de autorretrato e visionar os mais coñecidos da historia da arte: Rembrandt, Picasso, Miró, Gaudí, ...
.....
6. Visionar a obra do fotógrafo Pierre Gonnord, destacando que nas súas fotografías busca evidenciar a expresión dos rostros con trazos físicos moi marcados.
.....
7. Empregando a obra do fotógrafo Pierre Gonnord xogar a cambiar os trazos máis característicos do rostro: forma, ollos, cellas, beizos, nariz, orellas, cor de pel... sobre unha imaxe súa ou doutra persoa coñecida.
.....
8. Conversaremos en gran grupo sobre como se senten cando ven na fotografía do rostro trazos tan diferentes aos seus: Cambiar un trazos físico fainos persoas distintas? son mellores ou peores? son iguais?



TAREFA 4

» Elaboración dun autorretrato empregando diversas técnicas plásticas

Relación de actividades

1. Realizar un autorretrato empregando un acetato transparente sobre unha fotografía con rotulador permanente.
.....
2. Proxectalas experimentando coa superposición
.....
3. Debuxar o seu rostro sobre unha cartolina negra con ceras brancas esaxerando os trazos distintivos para incidir no valor das diferenzas.
.....
4. Cos elementos do rostro, recortados de fotografías dos nenos e nenas da aula, compoñer un rostro novo sobre unha imaxe fotográfica de cada persoa.
.....
5. Tirar fotografías entre o alumnado, do rostro dos compañeiros e compañeiras para expoñer en tamaño A4.
.....
6. Pintar nun lenzo, con témperas, os seus autorretratos. Serán os que se empregarán para a exposición final.

 6. METODOLOXÍA

6.1. Concrecións metodolóxicas

Nas orientacións pedagóxicas das áreas do currículo recollidas no **Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a **ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia** exprésase a importancia da incorporación ao centro infantil de diferentes interlocutores, familias, especialistas en linguaxes expresivas ou persoas doutras culturas que oferten interaccións de calidade e diversifiquen a percepción estética do mundo e das distintas manifestacións culturais; cunha inmersión na lingua escrita que, desde a chegada á escola, aproveite a elevada motivación das nenas e dos nenos sobre os distintos códigos e mensaxes xa presentes na súa vida cotiá, poñendo énfase no seu aspecto funcional.

Propónse unha organización e xestión flexible dos tempos comunicativos respectando os intereses, ritmos e particularidades das nenas e dos nenos. Os coñecementos e experiencias previas serán o punto de partida para garantir a significatividade das aprendizaxes, buscando a funcionalidade do que aprenden. A creación de contextos seguros e emocionalmente positivos para que adquiran confianza nas súas posibilidades e limitacións, como base para a expresión dos seus intereses, necesidades e emocións.

Primarase a valoración positiva das interaccións evitando as comparacións, a desvalorización, a estigmatización ou a ridiculización, achegando ao alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén doutras, desde unha perspectiva aberta, crítica e ilustradora, que potencie en todo momento actitudes de respecto e de aprecio.

Nesta unidade de programación, no desenvolvemento das actividades propostas, aúnanse diversos modelos de pensamento:

- » **Na primeira tarefa pensamento lóxico**, porque é un xeito ordenado de expresar as súas ideas e tamén deliberativo, porque toman decisións en base a criterios e valores.

- » **Na segunda tarefa pensamento lóxico**, porque obteñen novas ideas a partir das xa existentes e pensamento reflexivo, porque toman conciencia das súas ideas e mentalidade.

- » **Na terceira tarefa analítico**, porque xeran datos que lles permiten establecer semellanzas e diferenzas entre diferentes aspectos da realidade e, por último, na cuarta tarefa pensamento creativo, porque opera con ideas e busca outras novas.

Os modelos de ensinanza que se promoven son:

- » **Modelo cognitivo** (formación de conceptos)
- » **Modelo social** (investigación grupal)
- » **Modelo persoal** (ensinanza non directiva).

6.2. Materiais e recursos

TAREFA 1	TAREFA 2	TAREFA 3	TAREFA 4
<p>Somos escritores por primeira vez: Creamos personaxes</p>	<p>Ordenador e internet</p> <p>Día para a eliminación da discriminación racial</p> <p>Nosoutros, os xitanos</p> <p>A comunidade xitana: a familia</p>	<p>"<i>Van Gogh. Obra completa</i>". Editorial Taschen.</p> <p>"<i>Autorretratos</i>". Editorial Taschen.</p> <p>"<i>Pierre Gonnord</i>". Editorial La Fábrica.</p> <p>Fotografías das nenas e nenos e persoas docentes.</p>	<p>Proxector transparencias, acetatos, rotulador permanente, folios negros, ceras brancas, cámara de fotos, fotografías cor, lenzos, témperas e pinceis.</p>

6.3. Atención á diversidade

Para dar resposta á diversidade do grupo aula promoveranse **diferentes modalidades de agrupamento** do alumnado:

- » individual
.....
- » parella
.....
- » gran grupo
.....
- » equipos

Respectaranse os diferentes ritmos do alumnado na execución das actividades e os principios e pautas DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe).

As referencias legais a considerar na atención á diversidade son a **Orde de 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación, así como o propio **Decreto 229/2011**. Nesta normativa de referencia podemos atopar as diferentes medidas ordinarias e extraordinarias susceptibles de aplicación na práctica docente.

Por outro lado, tamén hai que contemplar o establecido nos diferentes **Protocolos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional** para a atención á diversidade, segundo as necesidades específicas do alumnado ao que se dirixa esta proposta didáctica.

 7. AVALIACIÓN

7.1. Avaliación do alumnado. Lista de cotexo.

Non todos os elementos indicados na concreción curricular teñen que ser avaliados nesta unidade didáctica, poden ser avaliados noutros momentos do curso. Aquí explicitamos os que se avaliarán, a ferramenta de avaliación será unha lista de cotexo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- » **CA4.2.** Identificar algunha das características textuais e paratextuais (personaxes e ilustración) en textos literarios libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.
.....
- » **CA4.4.** Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non: texto descritivo, texto expositivo e lema.
.....
- » **CA5.3.** Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.
.....
- » **CA1.2.** Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal.
.....
- » **CA1.7.** Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
.....
- » **CA2.8.** Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.
.....
- » **CA4.6.** Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.
.....
- » **CA4.8.** Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.
.....
- » **CA7.3.** Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.
.....
- » **CA4.3.** Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.

INDICADORES DE LOGRO	CON DIFICULTADE (CON AXUDA)	EN PROCESO (CON ACOMPAÑAMENTO)	SEN DIFICULTADE (CON AUTONOMÍA)
Escoita con atención a lectura de diversos textos			
Identifica aos personaxes do conto lido			
Escoita con atención modelos de descrições			
Participa na elaboración dunha batería de adxectivos para describir a unha persoa			
Fai achegas ás conversas de grupo			
Coñece as regras dunha descrición			
Incorpora ao seu vocabulario o léxico novo			
Introduce a comparación nas descrições que realiza			
Presta atención cando se realiza unha busca en Internet			
Presta atención cando se len textos dixitais e proxectados			
Recolle datos das lecturas realizadas			
Identifica a relación co real dos textos expositivos			
Usa a tipografía para destacar datos			
Valora as diferenzas físicas como enriquecedoras			
Diferenza os 3 segmentos do esquema corporal			
Amosa interese pola cultura do pobo xitano			

INDICADORES DE LOGRO	CON DIFICULTADE (CON AXUDA)	EN PROCESO (CON ACOMPAÑAMENTO)	SEN DIFICULTADE (CON AUTONOMÍA)
Manifesta respecto cara manifestacións culturais diferentes á súa			
Nomea as partes do rostro			
Manifesta respecto polas diferenzas individuais			
Acepta de bo grado xogar a cambiar trazos do seu rostro			
Representa o seu rostro con detalle			
Amosa interese polos artistas presentados			
Manexa con soltura a cámara fotográfica			
Utiliza correctamente os uteis plásticos empregados			
As súas producións son expresivas			
Goza compartindo experiencias estéticas			
Coñece tres características da cultura propia			
Coñece tres características da cultura xitana			

7.2. Avaliación da práctica docente

Os seguintes aspectos teranse en conta para a avaliación da práctica docente:

PLANIFICACIÓN	
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Os obxectivos didácticos expresan claramente as competencias que ten que acadar o alumnado.	
A secuencia de contidos presenta unha distribución e unha progresión axeitada ás características do alumnado.	
A planificación das clases realizouse con flexibilidade, preparando actividades e recursos axustados ás necesidades e intereses do alumnado.	

REALIZACIÓN	
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Motivación Inicial	O plan de traballo presenta a súa finalidade e as instrucións previas sobre tema que se vai traballar son claras.
Motivación ao longo de todo o proceso	Para manter o interese do alumnado partimos das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.
	A información proporcionada dos progresos acadados así como das dificultades atopadas é un apoio importante para o alumnado.

REALIZACIÓN		
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA		OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Presentación dos contidos	Os contidos e actividades son coherentes cos coñecementos previos do alumnado.	
	A adquisición de novos contidos é facilitada por estratexias como intercalar preguntas aclaratorias, sintetizar, exemplificar...	
Actividades na aula	As actividades propostas son variadas e equilibradas para asegurar a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.	
Recursos e organización da aula	A distribución do tempo é axeitada, adoptando distintos agrupamentos en función da tarefa a realizar, controlando sempre que o clima de traballo sexa axeitado e empregando recursos didácticos variados.	
Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado	Compróbase que o alumnado comprende as tarefas que teñen que levar a cabo facendo preguntas, verbalizando os procesos...	
	Empréganse estratexias de aprendizaxe como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas,... asegurando a participación de todo o alumnado.	
Clima da aula	Elabóranse normas de convivencia coas achegas de todas e todos reaccionando de xeito ecuánime ante posibles situacións conflitivas.	
	Foméntase o respecto e a colaboración entre o alumnado aceptando as súas suxestións e achegas.	

REALIZACIÓN		
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA		OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Seguimento e control do proceso de ensino e aprendizaxe	Proporciónaselle ao alumnado información precisa sobre a execución das tarefas e as súas posibilidades de mellora.	
	Propóñense actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos insuficientemente acadados.	
	Propóñense actividades que permiten afondar nos obxectivos xa acadados.	
Atención á diversidade	Considérase o nivel de habilidades do alumnado e, en función delas, adáptanse os distintos ritmos do proceso de ensino e aprendizaxe.	
	Realízase coordinación co resto de profesorado, para modificar contidos, actividades, metodoloxía, recursos... e adaptalos ao alumnado que presente dificultades.	

AVALIACIÓN		
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA		OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
A avaliación inicial ao inicio de cada unidade didáctica está ben deseñada.		
Os criterios de avaliación que atenden de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos están ben seleccionados.		

AVALIACIÓN	
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Sistematicamente empréganse procedementos e instrumentos variados de recollida de información sobre o alumnado.	
Utilízanse diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade do alumnado, das diferentes áreas, dos temas, dos contidos...	
Empréganse diferentes medios para informar a familias, profesorado e alumnado (sesións de avaliación, entrevistas individuais...) dos resultados da avaliación.	



8. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR

PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS	DIVULGACIÓN SOCIAL DA TAREFA	COLABORACIÓN DE RECURSOS EXTERNOS E COMUNIDADE ESCOLAR
<p>Durante todo o proceso as familias serán convidadas a compartir información e coñecemento sobre os diversos contidos abordados.</p> <p>Para a inauguración da exposición final serán convidadas as familias e todos os membros da comunidade educativa.</p> <p>Si houberse familias xitanas no alumnado serían convidadas a ser parte activa durante todo o proceso: compartindo coñecemento, experiencias, materiais, etc.</p>	<p>Exposición nun espazo público de uso social dos autorretratos realizados polo alumnado.</p> <p>O <i>dossier</i> (texto expositivo e imaxes) elaborado sobre a cultura xitana será distribuído entre as familias.</p>	<p>O recurso externo é o espazo social necesario para realizar a exposición dos autorretratos do alumnado.</p> <p>Podería convidarse a un pintor ou pintora, especialista en retratos, a compartir a súa técnica e estratexias á hora de retratar.</p>

3

UNIDADE DIDÁCTICA EDUCACIÓN PRIMARIA





1. IDENTIFICACIÓN

Título da unidade didáctica:

MALETAS DE VIDA

Áreas traballadas:

Etapa: Educación primaria

Cursos: 2º

- » Ciencias naturais
.....
- » Ciencias sociais
.....
- » Matemáticas
.....
- » Educación plástica e visual
.....
- » Lingua galega e literatura.



2. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN

Esta unidade didáctica pretende integrar diferentes tipos de experiencias e aprendizaxes do alumnado e orientalo cara a **adquisición dunha serie de habilidades prácticas, coñecementos, actitudes e valores** que lle permitan a participación activa no seu contexto social.

Coa realización das diferentes tarefas preténdese o **coñecemento e comprensión das forma de vida propias, da cultura máis próxima e relacionada coa vida cotiá**. A través do coñecemento do que lles é propio e querido poderán chegar á valoración do que é importante para outros nenos e nenas, en este caso pertencentes ao pobo xitano.

A finalidade última é desenvolver un **sentimento de empatía** e o recoñecemento de vivencias universais que igualan a todos os seres humanos.


3. DISEÑO CURRICULAR

CIENCIAS DA NATUREZA			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA4.1 Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.</p> <p>CA4.5 Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.</p>	<p>C4.1 - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe.</p> <p>C4.1.3 - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros.</p> <p>C4.2 - Proxectos de deseño e pensamento computacional.</p> <p>C4.2.4 - Estratexias básicas de traballo en equipo.</p>	<p>» Obxectivo 5</p> <p>» Obxectivo 6</p>	<p>» CCL3</p> <p>» CP1</p> <p>» CD1-2-3-4-5</p> <p>» STEM3-4</p> <p>» CPSAA3-4-5</p> <p>» CE1-3</p> <p>» CCEC4</p>

MATEMÁTICAS			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA5.7 Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.</p>	<p>C5.1 Organización e análise de datos.</p> <p>C5.1.2 Resolución de problemas cotiáns, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos.</p>	<p>» Obxectivo 6</p>	<p>» STEM2-4</p> <p>» CE3</p> <p>» CCL1-3</p> <p>» CD1-5</p> <p>» CCEC4</p>

CIENCIAS SOCIAIS			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA1.2 Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.</p> <p>CA1.3 Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.</p> <p>CA3.2 Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.</p> <p>CA3.3 Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.</p>	<p>C1.1 Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</p> <p>C1.4 A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</p> <p>C1.6 Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.</p> <p>C3.1 Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura de paz e non violencia.</p> <p>C3.3 Igualdade de xénero e conduta non sexista.</p>	<p>» Obxectivo 2</p> <p>» Obxectivo 6</p>	<p>» CCL1-2-3</p> <p>» STEM2-4</p> <p>» CD1-2</p> <p>» CPSAA3</p> <p>» CC1-2-3-4</p> <p>» CCEC1</p> <p>» CP3</p>

MÚSICA E DANZA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA1.1 Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.</p> <p>CA1.4 Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.</p>	<p>C1.7 Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</p> <p>C1.10 Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</p>	<p>» Obxectivo 1</p> <p>» Obxectivo 3</p>	<p>» CP3</p> <p>» STEM1-2</p> <p>» CD1</p> <p>» CPSAA3-4</p> <p>» CC1-3</p> <p>» CE2</p> <p>» CCEC1-2</p> <p>» CCL3</p>

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA2.4 Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.</p>	<p>C2.1 Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna.</p>	<p>» Obxectivo 4</p>	<p>» CCL1</p> <p>» CP3</p> <p>» STEM3</p> <p>» CC2</p> <p>» CE1-3</p> <p>» CCEC3-4</p>

LINGUA E LITERATURA GALEGA			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA1.5 Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.</p> <p>CA2.1 Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.</p> <p>CA2.6 Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.</p> <p>CA3.7 Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e social, adaptados a súa idade, mobilizando de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.</p> <p>CA4.2 Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información.</p>	<p>C1.7 Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</p> <p>C2.3 Procesos: interacción oral.</p> <p>C2.3.2 Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.</p> <p>C2.3.3 Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.</p> <p>C3.4 Procesos: produción escrita.</p> <p>C3.4.5 Producción de textos sinxelos con coherencia e orde na presentación (caligrafía clara e limpa), relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.</p>	<p>» Obxectivo 2</p> <p>» Obxectivo 3</p> <p>» Obxectivo 5</p> <p>» Obxectivo 6</p> <p>» Obxectivo 10</p>	<p>» CCL 1-2-3-5</p> <p>» CP 2-3</p> <p>» CD 1- 2-3-4</p> <p>» CPSAA 3-5</p> <p>» CC 1-2-3</p> <p>» STEM 1</p> <p>» CE 1-3</p> <p>» CCL 1-3-5</p> <p>» CCL 3</p>



4. CONCRECIÓN CURRICULAR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA UNIDADE	CONTIDOS DA UNIDADE
<p>Traballar en equipo aceptando o rol que lle corresponda con responsabilidade e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas, CA4.5 (Ciencias da Natureza)</p> <p>Realizar investigacións que partan da recollida de información sobre manifestacións culturais da contorna, incluída a xitana; para despois selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin. CA1.2, CA1.3 e CA3.2 (Ciencias Sociais)</p> <p>Recoller e rexistrar unha información cuantificable, clasificándoa en diferentes categorías e utilizando algúns recursos de representación gráfica (diagrama de barras), para representala. CA5.7 (Matemáticas)</p> <p>Amosar actitudes positivas e curiosidade polas propostas musicais de diferentes culturas (entre elas a cultura xitana). CA1.1 e CA1.4. (Música e Danza)</p> <p>Realizar actividades plásticas utilizando coa destreza axeitada diferentes materiais, soportes e técnicas: recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc. CA2.4 (Educación Plástica e Visual)</p> <p>Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas culturais. CA1.5 (Lingua Galega e Literatura)</p> <p>Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico, empregando habilidades básicas de comunicación. CA2.1 e CA2.6 (Lingua Galega e Literatura)</p> <p>Elaborar textos escritos sinxelos e multimodais, en lingua galega, a partir dun proceso de investigación para compartir e comunicar información e conclusións relevantes. CA3.7 e CA4.2 (Lingua Galega e Literatura)</p>	<p>Traballo en equipo con responsabilidade respecto e tolerancia C4.2.</p> <p>Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación, identificación, selección e clasificación..). C1.1.</p> <p>Cooperación e diálogo. C1.6.</p> <p>Estratexias sinxelas para a recollida, clasificación e reconto de datos representándoos mediante gráficos estadísticos (diagrama de barras) C5.</p> <p>Propostas musicais de diferentes culturas: Respecto e valoración das mesmas.</p> <p>Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual e práctica con precisión de diferentes técnicas. C2.1.</p> <p>Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas culturais. C1.7.</p> <p>Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse empregando habilidades básicas de comunicación: escoita activa, ton de voz... C2.3.</p> <p>Produción de textos sinxelos e multimodais, con coherencia e orde na presentación (caligrafía clara e limpa), de maneira acompañada, individuais ou grupais. C3.4.5.</p>

 5. SECUENCIA DE ACTIVIDADES**Produto final de uso social**

O produto final, e socialmente relevante, desta unidade didáctica é a organización dunha exposición das maletas de vida elaboradas polo alumnado. Estas maletas, ou caixas, recollen os obxectos ou produtos que son importantes na vida das persoas, nas relacións familiares, nas festas e tradicións.

A realización das actividades rematará cunha exposición organizada, de xeito guiado e na medida das súas posibilidades, polos propios nenos e nenas do grupo.

**TAREFA 1: A NOSA HISTORIA**

- » Elaboración dunha exposición oral partindo da creación da “Maleta de Vida” na que se gardan obxectos que son importantes para cada neno ou nena e as súas familias.

Relación de actividades

1. Presentación, por parte da persoa docente, dunha maleta ou caixa adornada e personalizada, na que garde algúns obxectos que representen o que é máis importante na súa vida. Vai amosando eses obxectos e explicando a razón da súa selección. Entre eles haberá unha colección de 3 ou 4 fotografías de nenos e nenas de distintas culturas incluíndo a xitana.

2. Invitación ao alumnado a realizar unha presentación semellante de si mesmos. Deberán, coa axuda das súas familias, escoller obxectos, fotografías... que representen o que para eles e elas é importante co fin de presentarllos aos seus compañeiros e compañeiras ao final desta tarefa.
.....
3. Establécese, de forma conxunta, a quenda de presentación oral de cada maleta, así como a data, marcándoa no calendario.
.....
4. Elaboración, entre todo o grupo e con axuda e apoio da persoa docente, dun guión que recolla os apartados ou puntos que debe ter un breve discurso oral para atraer e manter a atención do auditorio. Iniciarase cunha unha choiva de ideas na que darán resposta á seguinte pregunta: Que é importante ter en conta cando falo ante un grupo de persoas?.
.....
5. Determinación definitiva das condicións xerais dunha exposición oral establecendo aquelas que se consideran imprescindibles como o ton e o volume da voz, a postura do corpo, a coherencia do discurso, a correcta pronunciación...
.....
6. Elaboración conxunta, e guiada, de un índice a modo de rúbrica analítica que se empregará de guía para preparar a exposición e facer a autoavaliación de cada un seguindo as condicións recollidas na rúbrica elaborada por todos e todas.
.....
7. Elaboración de bosquejos individuais sobre a caixa ou maleta que cada quen utilizará.
.....
8. A partir do deseño realizado, escribirá unha lista dos materiais que precisan para o adorno da maleta co fin de garantir que cada quen ten os que necesita.
.....
9. Elaboración e adorno da caixa ou maleta que cada neno e nena escolla, utilizando diferentes técnicas plásticas traballadas anteriormente. Cada alumno e/ou alumna gardará na súa maleta aqueles obxectos que pensa representan algo importante na súa vida ou na das persoas que lle son queridas.

10. Preparación final dunha presentación oral individual de, aproximadamente, un par de minutos de duración seguindo a rúbrica previamente elaborada pola persoa docente e coñecida polos alumnos e alumnas (anexo).
11. Presentación oral ante o grupo de compañeiros e compañeiras nas datas previamente marcadas no calendario. Cada presentación será debidamente gravada e/ ou fotografada.



TAREFA 2: **CONTAMOS E RECONTAMOS**

- » Esta actividade ten por finalidade establecer categorías para clasificar os obxectos presentados polos nenos e nenas na actividade anterior. Estas categorías deberán reflectir os ámbitos importantes na vida cotiá e familiar das persoas.

Relación de actividades

1. Durante as presentacións realizadas por cada alumno e alumna, vaise elaborando unha táboa na que se recolla, en formato lista, os obxectos presentados.

2. A partir da lectura atenta das listas anteriores vaise establecendo unha serie básica de categorías que abarquen a totalidade os obxectos presentados e que axudan á súa clasificación. A definición destas categorías a farán os alumnos e alumnas con axuda e guía da persoa docente. Poderían ser: alimentación, festas e tradicións, xogos, oficios.
.....
3. Reconto de elementos correspondentes a cada categoría e elaboración dun diagrama de barras para a representación gráfica dos datos facendo, de este xeito, visible a distribución dos datos e da información.
.....
4. Partindo das listas elaboradas con anterioridade, cada equipo colaborativo ou cooperativo fai unha selección dos obxectos que considera máis representativos de cada categoría.
.....
5. Elaboración dunha única lista seleccionando dous ou tres elementos de cada categoría, atendendo ao que resulta máis importante para a maioría dos nenos e nenas da clase co fin de elaborar unha maleta de vida común á maioría dos alumnos e alumnas.



TAREFA 3: INVESTIGAMOS

- » Investigación sobre como serían as maletas de vida de nenos e nenas do pobo xitano e organización dunha exposición.

Relación de actividades

1. Organización en equipos para realizar unha investigación guiada sobre como serían as maletas de vida de nenos e nenas do pobo xitano. A cada equipo asígnaselle unha categoría para a procura de información: alimentación, festas e tradicións, xogos, oficios. Ao rematar, realizan unha comparativa, restrinxida á categoría traballada, entre información achada sobre a cultura xitana e a propia.
.....
2. Presentación ante os compañeiros e compañeiras da información atopada respecto das categorías investigadas. Comparativa dos resultados da investigación realizada.
.....
3. Elaboración da maleta de vida que represente aos nenos e nenas do pobo xitano: procura de obxectos representativos.
.....
4. Organización, en equipos cooperativos ou colaborativos, dunha exposición artística das maletas de vida nun espazo público e, si é posible, facela coincidir co 8 de abril, día da cultura xitana. Cada equipo responsabilizase, con guía e axudada pola persoa docente, dun aspecto diferente da exposición:
 - » **solicitud de permiso para utilizar o espazo seleccionado**
 - » **escritura das invitacións**
 - » **establecendo un horario de visita**
 - » **diseño de un cartel anunciador**.....
5. Apertura da exposición. Por equipos cooperativos ou colaborativos encárganse de distintas responsabilidades:
 - » **recibir aos visitantes**
 - » **presentar e explicar o traballo realizado**
 - » **sacar fotografías**

 6. METODOLOXÍA

6.1. Concrecións metodolóxicas

Tendo en conta o **artigo 16 do decreto 155/22** polo que se establece a ordenación e o **currículo da educación primaria**, destacamos os seguintes principios pedagóxicos:

- » **A inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe**, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións.
- » A **metodoloxía didáctica** será fundamentalmente **comunicativa, inclusiva, activa e participativa**, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
- » Asignación dun tempo do horario lectivo á realización de **proxectos significativos para o alumnado** e á **resolución colaborativa** de problemas.
- » Deseño de **actividades** de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado **avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo**.
- » Incorporación dun **tempo diario de lectura e práctica da oratoria** nos termos recollidos na súa concreción curricular.
- » Enfoque integrado do currículo de **todas as linguas na oferta educativa**. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.
- » Especial atención ao **principio de igualdade**, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

- » A **comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento** traballaranse en todas as áreas.
- » Desde todas as áreas **promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable** e a educación para a **saúde**, incluída a **afectivo-sexual**.
- » Especial atención á **orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores**.

6.2 Materiais e recursos

TAREFA 1	TAREFA 2	TAREFA 3
<p>Maletas ou caixas, fotografías, materiais de plástica, recursos de gravación.</p> <p>Como facer unha boa exposición oral.</p> <p>Presentacións orais en educación primaria.</p> <p>Banco de rúbrica.</p>	<p>Encerado dixital interactivo, cadernos de clase.</p> <p>Buscar un vídeo sobre como elaborar unha gráfica.</p>	<p>Ordenador con conexión a internet, maletas ou caixas, fotografías, materiais de plástica.</p> <p><i>Salinas, J; Giménez, P; Suárez, P; Pérez, P (2003): Maj Khetane. 'Más juntos: materiales interactivos para trabajar la cultura gitana'. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.</i></p> <p>https://www.gitanos.org/</p> <p>Información para celebrar o día internacional do Pobo Roma.</p> <p>Instituto de cultura xitana: cadernos xitanos.</p>

6.3 Atención á diversidade

As referencias legais a considerar na atención á diversidade son a **Orde de 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación, así como o propio **Decreto 229/2011**. Nesta normativa de referencia podemos atopar as diferentes medidas ordinarias e extraordinarias susceptibles de aplicación na práctica docente.

Por outro lado, tamén hai que contemplar o establecido nos diferentes Protocolos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para a atención á diversidade, segundo as necesidades específicas do alumnado ao que se dirixa esta proposta didáctica.



7. AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	% PESO ORIENTATIVO
Traballar en equipo aceptando o rol que lle corresponda con responsabilidade e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas, CA4.5 (Ciencias da Natureza)	Rúbrica	Participa en actividades de grupo adoitando, con apoio, un comportamento responsable, e escoitando con atención as achegas dos demais.	10%
Realizar investigacións que partan da recollida de información sobre manifestacións culturais da contorna, incluída a xitana; para despois selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin. CA1.2, CA1.3 e CA3.2 (Ciencias Sociais)	Rúbrica	Busca e selecciona algunha información básica sobre a categoría asignada da cultura xitana.	15%
Recoller e rexistrar unha información cuantificable, clasificándoa en diferentes categorías e utilizando algúns recursos de representación gráfica (diagrama de barras), para representala. CA5.7 (Matemáticas)	Rúbrica	Rexistra a información recollida en cada categoría nunha táboa sinxela e realiza un diagrama de barras básico coa información.	15%

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	% PESO ORIENTATIVO
Amosar actitudes positivas e curiosidade polas propostas musicais de diferentes culturas (entre elas a cultura xitana). CA1.1 e CA1.4. (Música e Danza)	Rúbrica	Atende con interese ás propostas musicais de diferentes culturas.	10%
Realizar actividades plásticas utilizando coa destreza axeitada diferentes materiais, soportes e técnicas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos, etc.). CA2.4 (Educación Plástica e Visual)	Rúbrica Portfolio	Manifesta certo dominio das técnicas plásticas para a decoración da maleta de vida e precisa orientacións na selección dos materiais.	10%
Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas culturais. CA1.5 (Língua e Literatura Galega)	Rúbrica	Emprega unha linguaxe respectuosa coas diferenzas culturais, case sempre e obsérvase esforzo por evitar termos ou expresións pouco respectuosas.	15%
Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico, empregando habilidades básicas de comunicación. CA2.1 e CA2.6 (Língua e Literatura Galega)	Rúbrica	Elabora e produce, con axuda, textos orais sinxelos ante a clase e emprega algunhas habilidades básicas de comunicación.	15%
Elaborar textos escritos sinxelos e multimodais, en lingua galega, a partir dun proceso de investigación para compartir e comunicar información e conclusións relevantes. CA3.7 e CA4.2.6 (Língua e Literatura Galega)	Rúbrica Portfolio	Elabora por escrito e con algo de axuda, listas, invitacións e carteis sinxelos, así como anotacións básicas sobre o proceso de investigación realizado.	10%

7.1. Avaliación do alumnado. Rúbrica.

CRITERIO DE AVALIACIÓN	A	B	C MÍNIMO DE CONSECUION	D
Traballar en equipo aceptando o rol que lle corresponda con responsabilidade e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas, CA4.5 (Ciencias da Natureza)	Participa sempre en actividades de grupo adoitando un comportamento responsable, prestando axuda voluntaria aos seus compañeiros, aceptando as aportacións dos demais e utilizándoas para mellorar o traballo e chegar a acordos.	Participa en actividades de grupo adoitando, habitualmente, un comportamento responsable, e manifestando respecto polos comentarios e opinións dos demais.	Participa en actividades de grupo adoitando, con apoio, un comportamento responsable, e escoitando con atención as achegas dos demais.	Precisa axuda para participar en actividades de grupo e precisa moito apoio para adoitar un comportamento responsable e de respecto aos demais.
Realizar investigacións que partan da recollida de información sobre manifestacións culturais da contorna, incluída a xitana; para despois seleccionala, organízala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin. CA1.2, CA1.3 e CA3.2 (Ciencias Sociais)	Busca, selecciona, organiza e saca conclusións sen axuda sobre a categoría asignada da cultura xitana, en comparación coa propia.	Busca, selecciona e organiza sen axuda, información sobre a categoría asignada da cultura xitana.	Busca e selecciona algunha información básica sobre a categoría asignada da cultura xitana.	Precisa moita axuda para atopar información básica sobre a categoría de investigación asignada.
Recoller e rexistrar unha información cuantificable, clasificándoa en diferentes categorías e utilizando algúns recursos de representación gráfica (diagrama de barras), para representala. CA5.7 (Matemáticas)	Identificas as diferentes categorías nas que clasificar os obxectos presentados e logo realiza o diagrama de barras correspondente.	Identifica, con axuda, algunhas categorías nas que clasificar os obxectos presentados, previamente á realización do diagrama de barras.	Rexistra a información recollida en cada categoría nunha táboa sinxela e realiza un diagrama de barras básico coa información.	Precisa moita axuda tanto para identificar categorías como para realizar o diagrama de barras correspondente.

CRITERIO DE AVALIACIÓN	A	B	C MÍNIMO DE CONSECUION	D
Amosar actitudes positivas e curiosidade polas propostas musicais de diferentes culturas (entre elas a cultura xitana). CA1.1 e CA1.4. (Música e Danza)	Mostra interese por descubrir e investigar sobre propostas musicais de diferentes culturas e fai comparacións coa propia desde o respecto.	Mostra curiosidade e atende ás propostas musicais de diferentes culturas.	Atende con interese ás propostas musicais de diferentes culturas.	Non manifesta unha actitude positiva cara as propostas musicais de diferentes culturas.
Realizar actividades plásticas utilizando coa destreza axeitada diferentes materiais, soportes e técnicas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.). CA2.4 (Educación Plástica e Visual)	Realiza a actividade plástica manifestando un dominio minucioso das técnicas plásticas e facendo unha selección moi axeitada e creativa dos materiais.	Realiza a decoración da maleta de vida manifestando dominio das técnicas plásticas e seleccionando de xeito autónomo os materiais.	Manifesta certo dominio das técnicas plásticas para a decoración da maleta de vida e precisa orientacións na selección dos materias.	Realiza, con moita axuda, a decoración da súa maleta de vida, tanto nas técnicas plásticas empregadas, coma na selección de materias axeitados.
Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas culturais. CA1.5 6 (Lingua e Literatura Galega)	Emprega unha linguaxe respectuosa coas diferenzas culturais e identifica termos ou expresións discriminatorias.	Emprega unha linguaxe respectuosa coas diferenzas culturais.	Emprega unha linguaxe respectuosa coas diferenzas culturais, case sempre, e obsérvase esforzo por evitar termos ou expresións pouco respectuosas.	Emprega termos ou expresións pouco respectuosas coas diferenzas culturais.
Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico, empregando habilidades básicas de comunicación. CA2.1 e CA2.6 6 (Lingua e Literatura Galega)	Elabora e produce textos orais elaborados ante a clase e emprega habilidades máis complexas de comunicación.	Elabora e produce con autonomía textos orais sinxelos ante a clase e emprega as habilidades básicas de comunicación, case sempre.	Elabora e produce, con axuda, textos orais sinxelos ante a clase e emprega algunhas habilidades básicas de comunicación.	Precisa moita axuda para producir textos orais moi sinxelos ante a clase e non desenvolve habilidades básicas de comunicación.

CRITERIO DE AVALIACIÓN	A	B	C MÍNIMO DE CONSECUION	D
Elaborar textos escritos sinxelos e multimodais, en lingua galega, a partir dun proceso de investigación para compartir e comunicar información e conclusións relevantes. CA3.7 e CA4.2 6 (Lingua e Literatura Galega)	Elabora por escrito listas, invitacións, carteis e anotacións máis elaboradas, sobre o proceso de investigación realizado.	Elabora por escrito de xeito autónomo, listas, invitacións e carteis sinxelos, así como anotacións básicas sobre o proceso de investigación realizado.	Elabora por escrito e con algo de axuda, listas, invitacións e carteis sinxelos, así como anotacións básicas sobre o proceso de investigación realizado.	Precisa axuda constante para a elaboración de calquera texto escrito sinxelo.

7.1. Avaliación da práctica docente.

PLANIFICACIÓN	
REFLEXIÓN TRÁS A POSTA EN PRÁCTICA	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Os obxectivos didácticos expresan claramente as competencias que ten que acadar o alumnado.	
A secuencia de contidos presenta unha distribución e unha progresión axeitada ás características do alumnado.	
A planificación das clases realizouse con flexibilidade, preparando actividades e recursos axustados ás necesidades e intereses do alumnado.	

REALIZACIÓN		
REFLEXIÓN TRÁS A POSTA EN PRÁCTICA		OBSERVACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA
Motivación Inicial	O plan de traballo presenta a súa finalidade e as instrucións previas sobre tema que se vai traballar son claras.	
Motivación ao longo de todo o proceso	Para manter o interese do alumnado partimos das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.	
	A información proporcionada dos progresos acadados así como das dificultades atopadas é un apoio importante para o alumnado.	
Presentación dos contidos	Os contidos e actividades son coherentes cos coñecementos previos do alumnado.	
	A adquisición de novos contidos é facilitada por estratexias como intercalar preguntas aclaratorias, sintetizar, exemplificar...	
Actividades na aula	As actividades propostas son variadas e equilibradas para asegurar a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.	
Recursos e organización da aula	A distribución do tempo é axeitada, adoptando distintos agrupamentos en función da tarefa a realizar, controlando sempre que o clima de traballo sexa axeitado e empregando recursos didácticos variados.	
Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado	Compróbase que o alumnado comprende as tarefas que teñen que levar a cabo facendo preguntas, verbalizando os procesos...	
	Empréganse estratexias de aprendizaxe como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas,... asegurando a participación de todo o alumnado.	

REALIZACIÓN		
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA		OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Clima da aula	Elabóranse normas de convivencia coas achegas de todas e todos reaccionando de xeito ecuánime ante posibles situacións conflitivas.	
	Foméntase o respecto e a colaboración entre o alumnado aceptando as súas suxestións e achegas.	
Seguimento e control do proceso de ensino e aprendizaxe	Proporcionaselle ao alumnado información precisa sobre a execución das tarefas e as súas posibilidades de mellora.	
	Propóñense actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos insuficientemente acadados.	
	Propóñense actividades que permiten afondar nos obxectivos xa acadados.	
Atención á diversidade	Considérase o nivel de habilidades do alumnado e, en función delas, adáptanse os distintos ritmos do proceso de ensino e aprendizaxe.	
	Realízase coordinación co resto de profesorado, para modificar contidos, actividades, metodoloxía, recursos... e adaptalos ao alumnado que presente dificultades.	

AVALIACIÓN	
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
A avaliación inicial ao inicio de cada unidade didáctica está ben deseñada.	
Os criterios de avaliación que atenden de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos están ben seleccionados.	
Sistematicamente empréganse procedementos e instrumentos variados de recollida de información sobre o alumnado.	
Utilízanse diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade do alumnado, das diferentes áreas, dos temas, dos contidos...	
Empréganse diferentes medios para informar a familias, profesorado e alumnado (sesións de avaliación, entrevistas individuais...) dos resultados da avaliación.	



8. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR

PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS	DIVULGACIÓN SOCIAL DA TAREFA	COLABORACIÓN DE RECURSOS EXTERNOS E COMUNIDADE ESCOLAR
<p>As familias coñecen desde o principio a planificación da unidade didáctica así como os estándares e instrumentos de avaliación.</p> <p>Ao longo do seu desenvolvemento participan axudando aos seus fillos e fillas a seleccionar aqueles obxectos que lle son máis representativos. mento, experiencias, materiais, etc.</p>	<p>As maletas de vida serán expostas nun espazo público, preferentemente alleo ao centro educativo.</p> <p>Na páxina web do centro daráselle publicidade á exposición, invitando á comunidade educativa a visitala.</p>	<p>Na medida do posible, a exposición organizarase nun espazo público alleo ao centro pero preto do mesmo de tal xeito que se poida iniciar una relación de colaboración.</p>



9. ANEXOS

Rúbrica de presentación oral individual. Presentación Maleta de Vida

CATEGORÍA	A	B	C MÍNIMO DE CONSECUION	D
Voz	Vocalizo con claridade e seguridade. Utilizo o volume da voz para atraer a atención dos meus compañeiros e compañeiras.	Vocalizo con claridade e o volume de voz que utilizo é correcto.	Hai momentos en que vocalizo con claridade e o volume de voz é correcto.	Uso un volume de voz moi baixo e teño que mellorar a miña vocalización.
Postura do corpo e contacto visual	Estou relaxado ou relaxada e manteño unha postura correcta. Miro para os meus compañeiros e compañeiras.	Manteño unha postura bastante correcta e establezo contacto visual ocasional con os meus compañeiros e compañeiras.	Manteño unha postura bastante correcta pero teño que facer un gran esforzo por manter contacto visual cos compañeiros e compañeiras.	Estou bastante nervioso ou nerviosa e son incapaz de manter contacto visual cos compañeiros e compañeiras.
Estrutura	Presento os obxectos seleccionados de forma moi clara e ordenada, describindo cada un deles e a razón da súa selección.	Presento os obxectos de forma clara, fago unha descrición superficial e apenas xustifico a razón da súa selección.	Presento os obxectos de xeito desordenado, fago unha descrición superficial e non xustifico a razón da súa selección.	Presento os obxectos.



1. IDENTIFICACIÓN

Título da unidade didáctica:

ROMANÍS NA HISTORIA

4º EDUCACIÓN PRIMARIA

Áreas traballadas:

- » Ciencias Sociais
.....
- » Matemáticas
.....
- » Lingua Galega
.....
- » Educación Artística-Plástica

Etapa: Educación primaria

Cursos: 4º



2. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN

Os alumnos e alumnas de Educación Primaria necesariamente deben **traballar e coñecer a súa propia historia**, a do seu entorno, do lugar no que viven así como o legado cultural e artístico que posúe e que lle da unha **identidade**.

A **Historia** é un analizador social que **permite coñecer moitos dos problemas actuais**. Saber de onde proceden estes problemas axudará a comprender a orixe da sociedade na que vivimos. Con todo isto o noso alumnado poderá entender o seu entorno, a súa propia identidade e a existencia dunha sociedade multicultural da que eles mesmos son descendentes. Comprender isto levaranos á **tolerancia**.

A metodoloxía indicada no eido das ciencias sociais debería **despertar o espírito crítico e reflexivo**. Debemos evitar que o alumnado se vexa obrigado a aprender uns contidos de memoria. Será a través de **metodoloxías innovadoras** que lles axuden a enmarcar onde, como e por que ocorreron determinados acontecementos as que facilitarán o proceso cognitivo que promoverá o desenvolvemento dunha reflexión individual e obxectiva, que fomentará o **pensamento crítico** (Prats, 2007), a **autoestima** e a **relación cos demais** compañeiros e compañeiras.

A partir de **obras pictóricas de distintos artistas xitanos**, esta unidade didáctica pretende desenvolver a capacidade intelectual, axudar a lograr **empatía social** (para fortalecer a tolerancia e a aceptación do diferente), facilitar a comprensión do presente a través do estudo da Historia e das súas manifestacións artísticas, o Patrimonio Histórico e Cultural (Hernández,2010) facendo especial fincapé na visión das minorías.



3. DESEÑO CURRICULAR

CIENCIAS SOCIAIS			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA1.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.</p>	<p>C1.1 Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</p>	<p>» Obxectivo 1 » Obxectivo 2 » Obxectivo 3 » Obxectivo 6 » Obxectivo 7</p>	<p>» CCL3, STEM 4, CD 1-2-3-4-5, CCEC4</p>

CIENCIAS SOCIAIS			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA1.3. Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.</p> <p>CA1.5. Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática, e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.</p> <p>CA3.1. Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.</p> <p>CA3.2. Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas, recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.</p> <p>CA4.1. Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.</p>	<p>C1.2 Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos.</p> <p>C3.2 Os costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura da paz e non violencia</p> <p>C4.5 Iniciación á investigación e aos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.</p>	<p>» Obxectivo 1</p> <p>» Obxectivo 2</p> <p>» Obxectivo 3</p> <p>» Obxectivo 6</p> <p>» Obxectivo 7</p>	<p>» CCL3, STEM 4, CD 1-2-3-4-5, CCEC4</p> <p>» CCL 1-2-3, STEM 2-4, CD 1-2, CC4</p> <p>» CCL5, CPSAA1, CC1-2-3, CCEC1</p> <p>» CP3, CPSAA3, CC1-2-3, CCEC1</p> <p>» STEM 1-2-4-5, CD1, CC4, CE1, CCEC1</p>

LINGUA GALEGA			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA1.3. Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorando a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas.</p> <p>CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero</p> <p>CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante</p> <p>CA3.10. Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.</p> <p>CA3.11. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.</p>	<p>C1.4 Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos.</p> <p>C1.5 A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión lingüística para achegarse á súa contorna</p> <p>C3.4.2 Creación de textos breves utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.</p>	<p>» Obxectivo 1</p> <p>» Obxectivo 5</p> <p>» Obxectivo 10</p>	<p>» CCL1-5,CP2-3, CC1-2 CCEC1-3</p> <p>» CCL1-5,CP3, CD3CPSAA3,CC1-2-3</p> <p>» CCL1-3-5,STEM1, CD2-3,CPSAA5, CC2</p> <p>» CCL1-5,CP3, CD3CPSAA3,CC1-2-3</p>

EDUCACIÓN PLÁSTICA			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA1.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.</p> <p>CA4.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.</p> <p>CA4.5. Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.</p>	<p>C1.9 Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</p> <p>C4.2 Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.</p> <p>C4.3 Producións audiovisuais. Traballo colaborativo e importancia do proceso dalgúns dos diferentes xéneros e formatos. Introducción á utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas.</p>	<p>» Obxectivo 2</p> <p>» Obxectivo 4</p>	<p>» CCL3, CP3, STEM2, CD1, CC3, CCEC1-2</p> <p>» CCL1,CP3,STEM3, CC2,CE1-3, CCEC3-4</p>
MATEMÁTICAS			
<p>CA1.9. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.</p>	<p>C1.3.1 Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación e división en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.</p>	<p>» Obxectivo 6</p>	<p>» CCL1-3,STEM2-4, CD1-5,CE3, CCEC4</p>



4. CONCRECIÓN CURRICULAR

Os elementos curriculares seleccionados no apartado 3 secuencianse para esta unidade didáctica nos seguintes criterios e contidos (entre paréntese figura o código do criterio e contido de referencia):

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA UNIDADE	CONTIDOS DA UNIDADE
<p>Analizar a importancia demográfica, cultural das migracións xitanas, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo. (CA3.1) Ciencias sociais</p> <p>Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia. (CA3.2) Ciencias sociais</p> <p>Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora. (CA4.1) Ciencias sociais</p> <p>Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante (CA3.7) Lingua galega</p>	<p>Os costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. (C3.2, C3.1)</p> <p>Compromisos e normas para a vida en sociedade. (C3.8)</p> <p>Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora. (C4.1)</p> <p>Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais, relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica. (C4.6)</p> <p>Producción dun cómic (3.4.2.3)</p>



5. SECUENCIA DE ACTIVIDADES

Produto final de uso social

O Produto Social Relevante buscado con esta unidade didáctica é que todo o grupo-clase realice unha banda deseñada impresa en calidade profesional no que se vexa reflectido a pegada do pobo romaní nas distintas etapas da Historia recente de Europa a través de distintas obras pictóricas. Esta banda deseñada será publicada na páxina web do centro e na revista escolar que se entrega ás familias. Así mesmo formará parte dos recursos ofertados pola biblioteca do centro para préstamo ou consulta, para este fin estará impreso en calidade profesional e o alumnado de 4º será quen faga a xestión lóxística e económica deste proceso.



TAREFA 1: UNHA VIAXE NO TEMPO

- » Nesta actividade visualizarase a obra de Ceija Stojka “La Mama” e o cadro de Gabi Jiménez “Les fils de la Lune”. Como elemento motivador para investigar sobre os pobos nómades en Europa e o papel da muller nos mesmos .

Relación de actividades

1. Observación das obras pictóricas que pertencen a dous autores de orixe romaní que mostran aspectos da vida do seu pobo. Interpretación oral dos contidos das obras vistas no encerado dixital da clase.

2. Análise da mensaxe. Formúlanse estas preguntas e recóllense as respostas no encerado dixital.

- » **Que vemos nas pinturas?**
- » **Onde están?**
- » **Quen son esas persoas?**
- » **As mulleres que fan?**
- » **Onde viven?**
- » **Por que viven así?**
- » **Onde traballan?**
- » **Os nenos e nenas van á escola?**
- » **Que relación hai entre as dúas pinturas?**
- » **De que épocas son?**
- » **Quen son os autores?**

3. Os pobos nómades de Europa (Investigación). Repártese o traballo entre equipos (5) e comprobán se a información recollida no exercicio anterior é correcta. Ampliarán datos:

- » **Autores**
- » **Os pobos nómades xitanos**

- » Tipos de casas
- » Os nómades viviron ou viven onde queren?
- » As familias nómades como viven?

4. Cada equipo elaborará un pequeno informe da información recollida co seguinte esquema:

- » Título (un sintagma nominal)
- » Introducción (presentación do tema)
- » Desenvolvemento (explicación das ideas e características principais)
- » Conclusión (ideas máis importantes)

5. Posta en común, de xeito oral, do material compilado en clase por cada equipo ao grupo.




TAREFA 2: UNHA FAMILIA VIAXEIRA

- » Elaboración dunha banda deseñada sobre o pasado e o presente do pobo romaní tendo como base a información recollida na tarefa 1. Recomendamos ver: [Paneis Exposición Historia e cultura do pobo xitano](#) (Asociación Enseñantes con Gitanos)

Relación de actividades

1. Coa clase dividida en equipos presentamos modelos de banda deseñada, tanto en papel como en formato dixital.
.....
2. Cada equipo terá 3 minutos para reflexionar e falar sobre o que acaban de ver e preparar dúas ou tres preguntas ou dúbidas que non quedaran claras.
.....
3. Elaboración do guión en gran grupo da banda deseñada contando como foi a vida nómade do pobo xitano na historia recente de Europa que foi traballada na tarefa 1. Imos escribindo todo no encerado dixital. Seguiremos o esquema:
 - » **Presentación**
 - » **Nó**
 - » **Desenlace**.....
4. Dividiremos o guión en cinco partes, tantas como equipos temos na clase.
.....

5. Repartiranse as cinco partes do guión por equipos.
.....
6. Buscamos na web documentos para recoñecer os elementos da banda deseñada
.....
7. Empezan a debuxar as viñetas por equipos.
.....
8. Escribir os textos que contén a historia nos globos. Cada equipo deberá escribir os textos que se adapten á súa parte do guión.
.....
9. Montaxe da banda deseñada realizada por todos os equipos, posibles axustes de coherencia (docente) e lectura do mesmo en gran grupo.



TAREFA 3: PUBLICAMOS A BANDA DESEÑADA?

- » Coa intención de poñer en valor o traballo realizado nas actividades 1 e 2 e conectalo coa realidade do alumnado propónse a difusión da banda deseñada da actividade 2 entre as familias, publicándose en calidade profesional para o que se elaborará un orzamento. Encargaranse 10 exemplares.

Relación de actividades

1. En gran grupo decidirase cales son os pasos a seguir para publicar a banda deseñada en calidade profesional. Recolleranse por escrito nunha ficha que axudará a recoller os datos posteriormente. Anexo 1.

2. Cada equipo debe: Buscar a empresa que poida imprimir a banda deseñada, poñerse en contacto con ela, preguntar que opcións de impresión hai, pedir orzamentos e recoller os datos. Deben falar con cinco empresas distintas, unha por equipo.
.....
3. Cada equipo debe calcular o que custa cada banda deseñada. Debe elaborar un orzamento no que debe aparecer:
 - » **Prezo unitario dos materiais, o tipo de impresión e o do transporte.**
 - » **Prezo total do orzamento.**.....
4. Posta en común dos datos recollidos polos equipos. Comparar e decidir cal é o mellor orzamento. Para facilitar este traballo podemos poñer simultaneamente os cinco presupostos na no encerado dixital.
.....
5. Publicar o informe do gasto total da impresión dos exemplares da banda deseñada que se van repartir entre as familias.

 **6. METODOLOXÍA****6.1. Concrecións metodolóxicas**

Tanto no **Decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o **currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia** coma na **Orde do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o **Decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, establécense uns principios pedagóxicos comúns a todas as áreas. Estes principios pedagóxicos serán a base do enfoque metodolóxico a aplicar nesta unidade didáctica, prestando especial atención a:

- » A inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións.
.....
- » A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
.....
- » Asignación dun tempo do horario lectivo á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas.
.....
- » Deseño de actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.
.....
- » Incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular.
.....
- » Enfoque integrado do currículo de todas as linguas na oferta educativa. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.
.....
- » Especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
.....
- » A comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.
.....
- » Desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
.....
- » Especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.

6.2 Materiais e recursos

Neste apartado detállanse os materiais e recursos por actividade.

TAREFA 1	TAREFA 2	TAREFA 3
Asociación de enseñantes con gitanos	PDI, Internet... Asociación de enseñantes gitanos	Internet para a búsqueda de empresas, ficha-MODELO DE RECOLLIDA DE DATOS (anexo 1)

6.3 Atención á diversidade

As referencias legais a considerar na atención á diversidade son a **Orde de 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación, así como o propio **Decreto 229/2011**. Nesta normativa de referencia podemos atopar as diferentes medidas ordinarias e extraordinarias susceptibles de aplicación na práctica docente.

Por outro lado, tamén hai que contemplar o establecido nos diferentes Protocolos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para a atención á diversidade, segundo as necesidades específicas do alumnado ao que se dirixa esta proposta didáctica.



7. AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	% PESO ORIENTATIVO
. Analizar a importancia demográfica, cultural das migracións xitanas, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo. (CA3.1)	Rúbrica	Nomea achegas do pobo xitano que forman parte da cultura española.	30%
Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia (CA3.2)	Rúbrica	Valora positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero manifestando rexeitamento a calquera actitude discriminatoria co pobo xitano, especialmente as referidas ás mulleres.	20%
Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora. (CA4.1)	Rúbrica	Protexe e valora o patrimonio cultural xitano identificando algunha achega histórica da cultura xitana.	30%
Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante (CA3.7)	Porfolio do alumno/a	Elabora textos escritos realizando unha viñeta e identificando as súas partes.	20%

7.1. Avaliación do alumnado. Rúbrica.

CRITERIO DE AVALIACIÓN	A	B	C MÍNIMO DE CONSECUION	D
Analizar a importancia demográfica, cultural das migracións xitanas, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo. (CA3.1)	Expressa con claridade unha reflexión valorando e analizando as migracións e a súa importancia na situación actual do pobo xitano no estado español e en Galicia: achegas á convivencia e ao patrimonio cultural.	Analiza diversos aspectos das migracións xitanas e as súas achegas na situación actual do pobo xitano.	Nomea achegas do pobo xitano que forman parte da cultura española.	Non identifica ningún feito histórico dos traballados na unidade.
Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia. (CA3.2)	Valora positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero propoñendo actividades que fomentan a interculturalidade e a igualdade de xénero e recoñece modelos e referentes.	Valora positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero identificando aspectos positivos da diversidade cultural e recoñece a necesidade da posta en valor das mulleres.	Valora positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero manifestando rexeitamento a calquera actitude discriminatoria co pobo xitano, especialmente as referidas ás mulleres.	Amosa indiferenza ante actitudes discriminatorias.
Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora. (CA4.1)	Protexe e valora o patrimonio cultural xitano realizando reflexións persoais sobre o desenvolvemento histórico do pobo xitano e propoñendo actividades para conservalo.	Protexe e valora o patrimonio cultural xitano nomeando características relevantes da historia e cultura xitana.	Protexe e valora o patrimonio cultural xitano identificando algunha achega histórica da cultura xitana.	Descoñece a historia do pobo xitano.
Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante. (CA3.7)	Elabora textos escritos multimodais realizando un cómic con coherencia e utilizando diversos recursos gráficos e paratextuais.	Elabora textos escritos estruturando unha banda deseñada e as súas viñetas como un todo intelixible.	Elabora textos escritos realizando unha viñeta e identificando as súas partes.	Non recoñece as partes estruturais dunha viñeta.

7.2. Avaliación da práctica docente.

PLANIFICACIÓN	
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Os obxectivos didácticos expresan claramente as competencias que ten que acadar o alumnado.	
A secuencia de contidos presenta unha distribución e unha progresión axeitada ás características do alumnado.	
A planificación das clases realizouse con flexibilidade, preparando actividades e recursos axustados ás necesidades e intereses do alumnado.	

REALIZACIÓN	
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Motivación Inicial	O plan de traballo presenta a súa finalidade e as instrucións previas sobre tema que se vai traballar son claras.
Motivación ao longo de todo o proceso	Para manter o interese do alumnado partimos das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.
	A información proporcionada dos progresos acadados así como das dificultades atopadas é un apoio importante para o alumnado.

REALIZACIÓN		
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA		OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Presentación dos contidos	Os contidos e actividades son coherentes cos coñecementos previos do alumnado.	
	A adquisición de novos contidos é facilitada por estratexias como intercalar preguntas aclaratorias, sintetizar, exemplificar...	
Actividades na aula	As actividades propostas son variadas e equilibradas para asegurar a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.	
Recursos e organización da aula	A distribución do tempo é axeitada, adoptando distintos agrupamentos en función da tarefa a realizar, controlando sempre que o clima de traballo sexa axeitado e empregando recursos didácticos variados.	
Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado	Compróbase que o alumnado comprende as tarefas que teñen que levar a cabo facendo preguntas, verbalizando os procesos...	
	Empréganse estratexias de aprendizaxe como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas,... asegurando a participación de todo o alumnado.	
Clima da aula	Elabóranse normas de convivencia coas achegas de todas e todos reaccionando de xeito ecuánime ante posibles situacións conflitivas.	
	Foméntase o respecto e a colaboración entre o alumnado aceptando as súas suxestións e achegas.	

REALIZACIÓN		
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA		OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Seguimento e control do proceso de ensino e aprendizaxe	Proporciónaselle ao alumnado información precisa sobre a execución das tarefas e as súas posibilidades de mellora.	
	Propóñense actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos insuficientemente acadados.	
	Propóñense actividades que permiten afondar nos obxectivos xa acadados.	
Atención á diversidade	Considérase o nivel de habilidades do alumnado e, en función delas, adáptanse os distintos ritmos do proceso de ensino e aprendizaxe.	
	Aplícanse as medidas previstas na normativa e nos Protocolos. O enfoque das tarefas é aberto.	

AVALIACIÓN	
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Os criterios de avaliación que atenden de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos están ben seleccionados.	
Sistematicamente empréganse procedementos e instrumentos variados de recollida de información sobre o alumnado.	
Utilízanse diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade do alumnado, das diferentes áreas, dos temas, dos contidos...	
Empréganse diferentes medios para informar a familias, profesorado e alumnado (sesións de avaliación, entrevistas individuais...) dos resultados da avaliación.	



8. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR

PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS	DIVULGACIÓN SOCIAL DA TAREFA	COLABORACIÓN DE RECURSOS EXTERNOS E COMUNIDADE ESCOLAR
Si houberse familias xitanas entre o alumnado serían convidadas a participar en diferentes propostas organizadas coa súa colaboración: charlas, obradoiros, etc.	<p>Convite a toda a comunidade educativa, incluíndo institucións e comunidade xitana se a houberse.</p> <p>Difundir a través da páxina web, blogue ou aula virtual a síntese e as imaxes do traballo realizado.</p>	A comunidade escolar colaborará cunha participación activa na inauguración da instalación e axudando a divulgar o traballo realizado.



9. ANEXOS

Anexo 1

MODELO DE RECOLLIDA DE DATOS ACTIVIDADE 3, EXERCICIO 1			
Que queremos facer?			
Que calidades profesionais hai? (máximo dúas)			
Canto tardan en entregar as bandas deseñadas?			
Como temos que pagar?			
Que temos que ter en conta para escoller o orzamento?			
Canto tardan en entregar as bandas deseñadas?	Só o prezo	Só a calidade de impresión	Prezo e calidade
Empresa			
Datos de contacto	E-mail:		Telf:
Prezo unitario			
Prezo total			

Anexo 2

GUÍAS DE OBSERVACIÓN (AVALIACIÓN)						
ALUMNO/A		SB (10)	NT (8)	SU (5)	IN (4)	VALORACIÓN
	Secuencia unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos seguindo o patrón da banda deseñada	Realiza con moita implicación e autonomamente a secuenciación da historia seguindo o patrón da banda deseñada	Realiza autonomamente a secuenciación da historia seguindo o patrón da banda deseñada	Necesita guía do/da docente na realización da secuenciación da historia e para seguir o patrón da banda deseñada	Necesita axuda da persoa docente tanto para a realización da banda deseñada como para seguir o patrón do mesmo	(aspectos observables: Creación de imaxes que ilustren textos e aplicación de patrón da banda deseñada)
1.						
2.						
3.						
4.						
...						

Anexo 3

LISTA DE CONTROL OPERACIÓNS BÁSICAS E RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS					
NOME E APELIDOS	SUMA (SI/NON)	RESTA (SI/NON)	MULTIPLICACIÓN (SI/NON)	DIVISIÓN (SI/NON)	APLICA ESTAS OPERACIÓN NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS (SI/NON)

 1. IDENTIFICACIÓN

Título da unidade didáctica:

ORGULLO DE SER XITANA! 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Áreas traballadas:

- » Ciencias Sociais
.....
- » Lingua Castelá e Literatura
.....
- » Lingua Galega e Literatura
.....
- » Educación en valores cívicos e éticos
.....

Etapa: Educación primaria

Cursos: 6º

 2. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN

Nesta unidade didáctica preténdese achegar ao alumnado o **problema da igualdade da muller na actualidade, en especial no pobo xitano**. Comezaremos a unidade didáctica cun **vídeo feito por mulleres xitanas** no que expoñen os seus problemas á hora de continuar os estudos. A continuación o alumnado terá que realizar un traballo de investigación sobre os xitanos e xitanas, desde unha perspectiva máis ampla, que posteriormente exporán en grupos ao resto dos compañeiros; para rematar organizárase un debate onde o tema será a necesidade, ou non, de **“cambiar os tempos”**.

Para realizar este traballo utilizarase a **linguaxe audiovisual** xa que a comunicación visual e auditiva resulta máis motivadora, facilitando tamén ao alumnado a adquisición de competencias para desenvolverse no mundo actual.

Estudaremos a cultura xitana xa que é unha gran descoñecida para o alumnado aínda que o pobo xitano leva seis séculos vivindo en España. Enfocarase de maneira específica á situación problemática da muller porque é un tema en auge na nosa sociedade que non está lonxe do alumnado, pois é frecuente ver rapazas xitanas que non poder rematar os seus estudos.

O **debate final** terá a finalidade de que o alumnado aprenda a **defender a súa opinión sobre temas de actualidade e transcendentais para eles**. É preciso insistir na necesidade de que sintan que, para poder defender unha idea argumentada, deben ter coñecementos e información sobre o tema, de aí a necesidade de que os procesos de investigación, sexan o máis completos posibles e lle permitan ao alumnado ter una visión global do pobo xitano.



3. DESEÑO CURRICULAR

LINGUA GALEGA E LITERATURA			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
CA1.5 Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas, e coa perspectiva de xénero...	C1.7 Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.	» Obxectivo 2 » Obxectivo 3 » Obxectivo 5 » Obxectivo 10	» CCL1-2-3-5 » CP2-3 STEM1 » CD2-3 CPSAA3-5 CC1-2-3 » CE1

LINGUA GALEGA E LITERATURA			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA2.1 Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.</p> <p>CA2.3 Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.</p> <p>CA2.4 Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.</p>	<p>C2.2 Xéneros discursivos</p> <p>C2.2.2 Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información).</p> <p>C2.2.4 Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega.</p> <p>C2.3 Procesos: interacción oral</p> <p>C2.3.1 Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal.</p> <p>C2.3.3 Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.</p> <p>C2.4 Procesos: comprensión oral</p> <p>C2.4.2 Estratexias de identificación e interpretación e do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita e a realización de inferencias para superar o sentido literal de textos sociais orais e multimodais.</p>	<p>» Obxectivo 2</p> <p>» Obxectivo 3</p> <p>» Obxectivo 5</p> <p>» Obxectivo 10</p>	<p>» CCL1-2-3-5</p> <p>» CP2-3 STEM1</p> <p>» CD2-3 CPSAA3-5 CC1-2-3</p> <p>» CE1</p>

LINGUA GALEGA E LITERATURA			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA2.8 Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.</p> <p>CA3.7 Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.</p> <p>CA4.1 Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.</p>	<p>C2.5 Procesos: produción oral</p> <p>C2.5.3 Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a planificación e produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.</p> <p>C2.5.4 Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</p> <p>C3.1 Contexto</p> <p>C3.2.3 Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).</p> <p>C3.4 - Procesos: produción escrita</p> <p>C3.4.5 Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.</p>	<p>» Obxectivo 2</p> <p>» Obxectivo 3</p> <p>» Obxectivo 5</p> <p>» Obxectivo 10</p>	<p>» CCL1-2-3-5</p> <p>» CP2-3 STEM1</p> <p>» CD2-3 CPSAA3-5 CC1-2-3</p> <p>» CE1</p>

CIENCIAS SOCIAIS			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA1.1 Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.</p> <p>CA3.1 Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.</p> <p>CA3.2 Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.</p> <p>CA4.3 Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.</p>	<p>C1.6 Estratexias de procura e selección de información en internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación.</p> <p>C3.1 Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, particularmente as propias do pobo xitano. Recoñecemento da diversidade cultural e lingüística de España.</p> <p>C3.7 Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva.</p> <p>C4.3 O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero.</p>	<p>» Obxectivo 1</p> <p>» Obxectivo 5</p> <p>» Obxectivo 6</p>	<p>» CCL3</p> <p>» CP3</p> <p>» STEM4</p> <p>» CD1-2-3-4-5 CC1-2-3</p> <p>» CE2</p> <p>» CCEC1-4 CPSAA3-4</p>



4. CONCRECIÓN CURRICULAR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA UNIDADE	CONTIDOS DA UNIDADE
<p>Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas culturais e coa perspectiva de xénero CA1.5 (Lingua e Literatura Galega).</p> <p>Comprender e producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, para obter, seleccionar e clasificar información relevante, e empregala expresar ideas e satisfacer necesidades de comunicación. CA2.1, CA2.3 (Lingua e Literatura Galega).</p> <p>Empregar estratexias básicas de comunicación para a participación en intervencións orais. CA2.4, CA2.8 (Lingua e Literatura Galega).</p> <p>Elaborar guións para a realización dun debate na aula con apoio de elementos multimodais elaborados a partir dun proceso de investigación, CA3.7, CA4.1 (Lingua e Literatura Galega).</p> <p>Usar recursos dixitais para buscar información, elaborar textos e realizar presentacións CA1.1 (Ciencias Sociais).</p> <p>Desenvolver valores de respecto as identidades etnoculturais, e de igualdade de xénero. CA3.1, CA3.2 (Ciencias Sociais).</p> <p>Cóñecer a historia do pobo xitano ao longo do tempo incorporando a perspectiva de xénero. CA4.3 (Ciencias Sociais).</p>	<p>Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas culturais e coa perspectiva de xénero. C1.7</p> <p>Xéneros discursivos: Recoñecemento do tema e as ideas principais de textos orais e produción con coherencia e cohesión. C2.2, C2.2.2, C2.2.4</p> <p>Buscar e seleccionar información relevante de distintas fontes. C2.4, C3.1</p> <p>Estratexias básicas de comunicación: escoita activa, comunicación asertiva, exposición de ideas, xestión de conflitos. C2.3</p> <p>Normas e estratexias para a produción de textos escritos e multimodais: planificación, redacción, revisión e autocorrección. C3.4</p> <p>Estratexias seguras de busca de información en internet: selección, clasificación e valoración C1.6</p> <p>A igualdade e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, a prevención dos abusos e a violencia contra as mulleres e a conduta non sexista. C3.7</p> <p>O respecto da diversidade cultural e das tradicións: Etnia Xitana C3.1</p> <p>Pasado, presente e retos de futuro na igualdade de xénero da muller xitana. C4.3</p>



5. SECUENCIA DE ACTIVIDADES



TAREFA 1: MARCANDO A DIFERENZA

- » Visualización do vídeo *"Marcando la diferencia"*, feito por xitanas reclamando a necesidade de cambiar os tempos e analizar a mensaxe. Esta actividade farase oralmente para fomentar a linguaxe oral como instrumento de comunicación.

Relación de actividades

1. Visualización do vídeo *"Marcando la diferencia"*.
.....
2. Análise da mensaxe que transmite este vídeo, por parellas, seguindo a ficha do ANEXO 1, para logo poñer en común en gran grupo.
.....
3. Buscar, en equipo, o significado das seguintes expresións que aparecen no vídeo e logo poñelas en común cos compañeiros e coas compañeiras.
 - » **"Orgullo de ser xitana"**
 - » **"Loitade por cambiar os tempos"**

3. Buscar, en equipo, o significado das seguintes expresións que aparecen no vídeo e logo poñelas en común cos compañeiros e coas compañeiras: "Orgullo de ser xitana", "Loitade por cambiar os tempos". Recoller nun caderno de investigación as contribucións máis relevantes.
.....
4. A partir das achegas no exercicio anterior, facemos unha reflexión e preguntámonos: Que coñecemos da cultura xitana? Choiva de ideas, que recollemos no caderno de investigación.
.....
5. Aportar ideas para ver como podemos achegarnos á cultura xitana e recollelas nun posible guión de traballo.



TAREFA 2: **DESCUBRINDO A CULTURA XITANA**

- » Achegarnos ao coñecemento da cultura xitana, cun texto expositivo ou informativo, e presentalo en equipo, no formato que pareza máis axeitado (un programa de radio, un documental...) sen excederse dos 6 minutos.

Relación de actividades

1. Preparar un texto expositivo ou informativo, que recolla polo menos os seguintes aspectos da cultura xitana:
 - » Orixe do pobo xitano, o pobo xitano en España
 - » A familia xitana

» **Orgullo de ser xitano: costumes e tradicións**

» **A muller no pobo xitano**

Tendo en conta os puntos anteriores; cada equipo planificará o guión da súa presentación e terá 6 minutos de tempo para expoñelo. Recordar que o texto expositivo transmite ideas dunha maneira obxectiva.

.....

2. Organizar o traballo en equipo seguindo o esquema:

» **Buscar información**

» **Preparar o texto expositivo**

» **Buscar os recursos audiovisuais**

» **Preparar a exposición oral e buscar o soporte preferido : informativo radiofónico, documental televisivo, presentación ...)**

.....

3. Ordenar a historia do pobo xitano nunha liña de tempo.

.....

4. Buscar información, nos PLE (Entornos Persoais de Aprendizaxe), para a elaboración do texto. Anexo 2.

.....

5. Procesar a información e elaborar un texto informativo que recolla os aspectos acordados, elixindo a ferramenta que van a utilizar.

.....

6. Buscar recursos audiovisuais nas PLE propostas ou na rede, para complementar a información.

.....

7. Preparar a intervención axustándose aos tempos e á ferramenta escollida.
8. Presentación e visualización do produto final de cada equipo, diante do grupo aula. Esta presentación poderá ser gravada para poder compartila a través do blogue, páxina web do centro educativo, aula virtual... co resto da comunidade educativa o 8 de Abril.



TAREFA 3: DEBATE: CAMBIAR OS TEMPOS OU SEGUIR COA TRADICIÓN?

- » Coa información obtida na actividade anterior o alumnado, por equipos, terá que preparar o debate, defender e argumentar a postura que lle tocou por sorteo:
 - cambiar os tempos
 - seguir coa tradición.
- » Sortearase a orde de intervención, de maneira que cada postura enfrontarase as contrarias.

Relación de actividades

1. Ver o vídeo "[Telarañas](#)". escoitar a canción, entender a letra e preguntarnos:
 - » Por que o fixeron?
 - » Como se sente a muller xitana?
 - » É importante loitar por cambiar os tempos?
 - » É importante continuar coas tradicións?

2. Proponse a realización dun debate na aula, para o cal debemos determinar os diferentes roles:
 - » **Equipo A e equipo B que defenderán a postura que lles tocou por sorteo**
 - » **Dous moderadores, elixidos polo/a profesor/a que de establecer os tempos das diferentes intervencións e as normas básicas a seguir durante o debate**

3. Cada equipo preparará unha postura a defender seguindo un esquema similar a este:
 - » **Presentación da nosa postura**
 - » **Exposición dos argumentos que cremos defenden a nosa postura**
 - » **Elaboración de preguntas para o equipo opoñente**
 - » **Peche do debate, coas conclusións finais de cada equipo**

4. Mentres os moderadores elaborarán un regulamento coas normas básicas dun debate e os tempos de intervención

5. Desenvolvemento do debate onde cada quen defende a súa postura e faille preguntas ao equipo opoñente, seguindo as normas básicas, establecidas polos moderadores, como:
 - » **Pedir a vez da palabra**
 - » **Dúas persoas non poden falar ao mesmo tempo**
 - » **Respectar as opinións dos demais**

6. Avaliación construtiva da nosa participación no traballo en equipo e no debate. ANEXO 3

 6. METODOLOXÍA

6.1. Concrecións metodolóxicas

Tendo en conta o [artigo 16 do decreto 155/22](#) polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria, destacamos os seguintes **principios pedagóxicos**:

- » A **inclusión educativa**, a **atención personalizada** ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a **participación** e a **convivencia**, a **prevención de dificultades de aprendizaxe** e a posta en práctica de **mecanismos de reforzo e flexibilización**, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións.
.....
- » A **metodoloxía** didáctica será fundamentalmente **comunicativa, inclusiva, activa e participativa**, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
.....
- » Asignación dun **tempo do horario lectivo** á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas.
.....
- » Deseño de **actividades de aprendizaxe** que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.
.....
- » Incorporación dun **tempo diario de lectura e práctica da oratoria** nos termos recollidos na súa concreción curricular.
.....
- » **Enfoque integrado do currículo de todas as linguas** na oferta educativa. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.
.....
- » Especial atención ao **principio de igualdade**, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

6.2 Materiais e recursos

TAREFA 1	TAREFA 2	TAREFA 3
<p>Vídeo: "Marcando la diferencia"</p> <p>Ficha do ANEXO 1</p>	<p>Salinas, J; Giménez, P; Suárez, P; Pérez, P (2003): Maj Khetane. <i>Más juntos: materiales interactivos para trabajar la cultura gitana</i>. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte</p> <p>ANEXO 2</p>	<p>Vídeo: "Telarañas"</p> <p>ANEXO 3</p> <p>Rúbrica de Autoavaliación da tarefa 3, participación no debate</p>

6.3 Atención á diversidade

As referencias legais a considerar na atención á diversidade son a [Orde de 8 de setembro de 2021](#) pola que se desenvolve o [Decreto 229/2011, do 7 de decembro](#), polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na [Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio](#), de educación, así como o propio [Decreto 229/2011](#). Nesta normativa de referencia podemos atopar as diferentes medidas ordinarias e extraordinarias susceptibles de aplicación na práctica docente.

Por outro lado, tamén hai que contemplar o establecido nos diferentes Protocolos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para a atención á diversidade, segundo as necesidades específicas do alumnado ao que se dirixa esta proposta didáctica.


7. AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	% PESO ORIENTATIVO
Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas culturais e coa perspectiva de xénero CA1.5 (Lingua e Literatura galega)	Rúbrica	Emprega unha linguaxe respectuosa coas diferenzas culturais, case sempre, e obsérvase esforzo por evitar termos ou expresións pouco respectuosas.	15%
Comprender e producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, para obter, seleccionar e clasificar información relevante, e empregala expresar ideas e satisfacer necesidades de comunicación. CA2.1, CA2.3 (Lingua e Literatura galega)	Rúbrica	Recoñece información básica de textos orais e multimodais e emprégaa para expresar ideas sobre a cultura do pobo xitano.	15%
Empregar estratexias básicas de comunicación para a participación en intervencións orais. CA2.4, CA2.8 (Lingua e Literatura galega)	Rúbrica	Participa en intervencións orais ante a clase empregando algunhas habilidades básicas de comunicación, case sempre.	15%
Elaborar guións para a realización dun debate na aula con apoio de elementos multimodais elaborados a partir dun proceso de investigación, CA3.7, CA4.1 (Lingua e Literatura galega)	Rúbrica	Deseña, con axuda, un guión para un debate a partir dun proceso de investigación guiado.	15%
Usar recursos dixitais para buscar información, elaborar textos e realizar presentacións CA1.1 (Ciencias Sociais)	Rúbrica	Emprega algúns recursos dixitais, con axuda, para buscar información e elaborar textos sinxelos.	15%
Desenvolver valores de respecto as identidades etnoculturais, e de igualdade de xénero. CA3.1, CA3.2 (Lingua e Literatura galega)	Rúbrica	Manifesta valores de respecto pola cultura xitana, e a igualdade de xénero.	10%
Cofecer a historia do pobo xitano ao longo do tempo incorporando a perspectiva de xénero. CA4.3 (Ciencias Sociais)	Rúbrica	Cofece datos básicos sobre a historia do pobo xitano.	15%

7.1. Avaliación do alumnado. Rúbrica.

LINGUA E LITERATURA GALEGA				
CRITERIO DE AVALIACIÓN	A	B	C <i>MÍNIMO DE CONSECUION</i>	D
Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas culturais e coa perspectiva de xénero CA1.5	Emprega unha linguaxe respectuosa coas diferenzas culturais e identifica termos ou expresións discriminatorias.	Emprega unha linguaxe respectuosa coas diferenzas culturais.	Emprega unha linguaxe respectuosa coas diferenzas culturais, case sempre, e obsérvase esforzo por evitar termos ou expresións pouco respectuosas.	Emprega termos ou expresións pouco respectuosas coas diferenzas culturais.
Comprender e producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, para obter, seleccionar e clasificar información relevante, e empregala para expresar ideas e satisfacer necesidades de comunicación. CA2.1, CA2.3	Selecciona e clasifica información relevante de textos orais e multimodais que emprega para argumentar ideas e posturas sobre a cultura xitana.	Selecciona información de textos orais e multimodais e emprégaa para interpretar ideas sobre a cultura do pobo xitano.	Recoñece información básica de textos orais e multimodais e emprégaa para expresar ideas sobre a cultura do pobo xitano.	Precisa axuda para recoñecer expresar información de textos orais e multimodais.
Empregar estratexias básicas de comunicación para a participación en intervencións orais. CA2.4, CA2.8	Participa en intervencións orais ante a clase empregando habilidades complexas de comunicación.	Participa con autonomía en intervencións orais ante a clase empregando habilidades básicas de comunicación.	Participa en intervencións orais ante a clase empregando algunhas habilidades básicas de comunicación, case sempre.	Non desenvolve habilidades básicas de comunicación, nas súas intervencións orais.
Elaborar guións para a realización dun debate na aula con apoio de elementos multimodais, elaborados a partir dun proceso de investigación, CA3.7, CA4.1	Deseña o guión para un debate a partir dunha investigación previa sobre a cultura xitana, empregando elementos multimodais de xeito creativo.	Deseña un guión básico para un debate a partir dun proceso de investigación, empregando algún elemento multimodal como apoio.	Deseña, con axuda, un guión para un debate a partir dun proceso de investigación guiado.	Non identifica as partes mínimas dun guión necesarias para o debate.
Desenvolver valores de respecto as identidades etnoculturais, e de igualdade de xénero. CA3.1, CA3.2.	Fai unha análise crítica sobre as identidades etnoculturais e os estereotipos de xénero.	Identifica prexuízos sobre diferentes culturas e o papel da muller nas mesmas.	Manifesta valores de respecto pola cultura xitana, e a igualdade de xénero.	Non amosa respecto por outras culturas e a igualdade.

CIENCIAS SOCIAIS				
CRITERIO DE AVALIACIÓN	A	B	C <i>MÍNIMO DE CONSECUION</i>	D
Usar recursos dixitais para buscar información, elaborar textos e realizar presentacións CA1.1 .	Emprega recursos dixitais de forma autónoma para buscar información, elaborar textos e deseñar diferentes tipos de presentacións.	Emprega recursos dixitais de forma autónoma para buscar información e elaborar textos.	Emprega algúns recursos dixitais, con axuda, para buscar información e elaborar textos sinxelos.	Precisa axuda constante para empregar recursos dixitais moi básicos.
Coñecer a historia do pobo xitano ao longo do tempo incorporando a perspectiva de xénero. CA4.3	Explica de maneira resumida a historia do pobo xitano, analizando a perspectiva de xénero.	Explica algún feito histórico relevante do pobo xitano, identificando o papel da muller.	Coñece datos básicos sobre a historia do pobo xitano.	Non coñece datos básicos sobre a historia do pobo xitano.

7.2. Avaliación da práctica docente.

PLANIFICACIÓN	
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Os obxectivos didácticos expresan claramente as competencias que ten que acadar o alumnado.	
A secuencia de contidos presenta unha distribución e unha progresión axeitada ás características do alumnado.	
A planificación das clases realizouse con flexibilidade, preparando actividades e recursos axustados ás necesidades e intereses do alumnado.	

REALIZACIÓN		
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA		OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Motivación Inicial	O plan de traballo presenta a súa finalidade e as instrucións previas sobre tema que se vai traballar son claras.	
Motivación ao longo de todo o proceso	Para manter o interese do alumnado partimos das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.	
	A información proporcionada dos progresos acadados así como das dificultades atopadas é un apoio importante para o alumnado.	
Recursos e organización da aula	A distribución do tempo é axeitada, adoptando distintos agrupamentos en función da tarefa a realizar, controlando sempre que o clima de traballo sexa axeitado e empregando recursos didácticos variados.	
Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado	Compróbase que o alumnado comprende as tarefas que teñen que levar a cabo facendo preguntas, verbalizando os procesos...	
	Empréganse estratexias de aprendizaxe como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas,... asegurando a participación de todo o alumnado.	
Clima da aula	Elabóranse normas de convivencia coas achegas de todas e todos reaccionando de xeito ecuánime ante posibles situacións conflitivas.	
	Foméntase o respecto e a colaboración entre o alumnado aceptando as súas suxestións e achegas.	

REALIZACIÓN		
REFLEXIÓN TRAS A POSTA EN PRÁCTICA		OBSERVACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA
Seguimento e control do proceso de ensino e aprendizaxe	Proporciónaselle ao alumnado información precisa sobre a execución das tarefas e as súas posibilidades de mellora.	
	Propóñense actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos insuficientemente acadados.	
	Propóñense actividades que permiten afondar nos obxectivos xa acadados.	
Atención á diversidade	Considérase o nivel de habilidades do alumnado e, en función delas, adáptanse os distintos ritmos do proceso de ensino e aprendizaxe.	
	Realízase coordinación co resto de profesorado, para modificar contidos, actividades, metodoloxía, recursos... e adaptalos ao alumnado que presente dificultades.	

AVALIACIÓN	
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
A avaliación inicial ao inicio de cada unidade didáctica está ben deseñanda.	
Os criterios de avaliación que atenden de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos están ben seleccionados.	
Sistematicamente empréganse procedementos e instrumentos variados de recollida de información sobre o alumnado.	
Utilízanse diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade do alumnado, das diferentes áreas, dos temas, dos contidos...	
Empréganse diferentes medios para informar a familias, profesorado e alumnado (sesións de avaliación, entrevistas individuais...) dos resultados da avaliación.	



8. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR

PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS	DIVULGACIÓN SOCIAL DA TAREFA	COLABORACIÓN DE RECURSOS EXTERNOS E COMUNIDADE ESCOLAR
As familias xitanas poderían participar ofrecendo algunha testemuña do pobo xitano, nas distintas actividades.	<p>O produto audiovisual pódese publicar na revista escolar, bitácora da biblioteca escolar, aula virtual da escola, páxina web do centro. Tamén presentarase aos compañeiros o día 8 de abril, Día Internacional do pobo xitano.</p> <p>Recoller nun vídeo o debate do alumnado e publicalo nos mesmos medios.</p>	

 9. ANEXOS

ANEXO 1 | Tarefa 1

ANÁLISE DA MENSAXE	
TÍTULO	
CONTIDO	
ARGUMENTO	
AMBIENTACIÓN	
GRUPO SOCIAL	
ÉPOCA	
PERSONAXES PRINCIPAIS	
PERSONAXES SECUNDARIOS	
PREXUÍZOS	
VIOLENCIA	
QUE NOS TRANSMITE	

ANEXO 2 | Tarefa 2

A ORIXE DO POBO XITANO	A FAMILIA XITANA	ORGULLO DE SER XITANO	A MULLER NO POBO XITANO
<p>Busca e visualización de recursos audiovisuais relacionados coa historia do pobo xitano</p>	<p><u>"La familia en la comunidad gitana"</u></p> <p><u>"La familia". En el libro "Matrimonio y boda de los gitanos y de los payos"</u>, por Juan de Dios Ramírez Heredia.- Barcelona: CPEDA, 2005</p> <p><u>"La familia en la comunidad gitana". En el libro "Situación social y tendencias de cambio en la Comunidad Gitana"</u>, por Miguel Laparra (coord.).- Barcelona: UPNA, Alter, 2006.</p>	<p><u>https://www.gitanos.org/</u></p> <p><u>Simbolos xitanos</u></p> <p>Cocina xitana</p> <p>Cante e baile</p> <p>Poesía xitana</p> <p>Personaxes xitanos</p> <p>Aspiracións xitanas</p> <p><u>O pobo xitano no cine</u></p>	<p><u>A muller xitana hoxe</u></p> <p>Cocina xitana</p> <p><u>Xitanas na universidade</u></p> <p><u>Igualdade xitana</u></p>

ANEXO 3 | Tarefa 3

ASPECTOS	A (10-9)	B (8-7)	C (6-5) <i>MÍNIMO DE CONSECUION</i>	D (4)
Organización do grupo	Tivemos unha moi boa organización da actividade, repartimos correctamente as tarefas e tomamos as decisións conxuntamente.	Tivemos unha boa organización da actividade, repartimos correctamente as tarefas e tomamos as decisións conxuntamente case sempre.	Tivemos unha organización da actividade, repartimos as tarefas e tomamos as decisións dun xeito aceptable con guía da persoa docente.	Precisamos axuda da persoa docente ou dos compañeiros ou compañeiras, para a organización da actividade, repartir as tarefas e tomar as decisións.
Participación persoal no debate	Observei sempre e con corrección as normas básicas dun debate, pedín o quenda de palabra, non interrompín a un compañeiro e mostrei respecto ante as opinións dos compañeiros e das compañeiras.	Observei case sempre e con corrección as normas básicas dun debate, pedín o quenda de palabra, non interrompín a un compañeiro e mostrei respecto ante as opinións dos compañeiros e das compañeiras.	Observei, guiado pola persoa docente, as normas básicas dun debate, o quenda de palabra, e mostrei respecto ante as opinións dos compañeiros e das compañeiras.	Observei coa axuda da persoa docente, as normas básicas dun debate, o quenda de palabra, non interrompín a un compañeiro ou unha compañeira.
Aportación persoal ao traballo do grupo	Participei activamente na organización do equipo, aportei as miñas opinións e admitín as achegas dos compañeiros e compañeiras.	Participei na organización do equipo, aportei as miñas opinións e admitín as achegas dos compañeiros e compañeiras case sempre.	Participei na organización do equipo, aportei algunha opinión e admitín as achegas dos compañeiros e compañeiras guiado pola persoa docente.	Participei con axuda da persoa docente ou das miñas compañeiras ou compañeiros na organización do equipo.

3

UNIDADE
DIDÁCTICA
EDUCACIÓN
SECUNDARIA
OBRIGATORIA





3. DESEÑO CURRICULAR

XEOGRAFÍA E HISTORIA			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA1.5. Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.</p> <p>CA2.5. Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.</p> <p>CA3.5. Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.</p>	<p>C1.5. Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</p> <p>C1.6. A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.</p> <p>C2.5. A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</p> <p>C3.1. Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.</p> <p>C3.2. Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</p> <p>C3.3. Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</p> <p>C3.6. Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.</p> <p>C3.7. Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</p>	<p>» Obxectivo 6</p>	<p>» CCL5 CPSAA3 CC1-2 -3 CCEC1</p>

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA2.5. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.</p> <p>CA3.2. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.</p> <p>CA3.3. Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.</p>	<p>C2.2.3. Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento.</p> <p>C3.2.1. Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</p> <p>C3.2.2. Producción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</p> <p>C3.2.3. Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.</p> <p>C3.2.4. Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na rede para a realización de proxectos escolares.</p>	<p>» Obxectivo 3</p> <p>» Obxectivo 5</p> <p>» Obxectivo 6</p>	<p>» CCL3 CD1-2-3-4 CPSAA4 CC2 CE3</p> <p>» CCL 1-3-5 CP2 STEM1 CD2-3 CC2 CE1</p> <p>» CCL 1-3-5 STEM1 CD2-3 CPSAA5 CC2</p>

MÚSICA			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA1.1. Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.</p> <p>CA3.1. Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.</p>	<p>C1.4. Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</p> <p>C1.5. Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>C3.2. As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación.</p>	<p>» Obxectivo 1</p>	<p>» CCL 2-3 CP3 CD1-2 CPSAA3 CC1 CCEC1-2</p>



4. CONCRECIÓN CURRICULAR

Os elementos curriculares seleccionados no apartado 3 secuencianse para esta unidade didáctica nos seguintes criterios e contidos (entre paréntese figura o código do criterio e contido de referencia):

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA UNIDADE	CONTIDOS DA UNIDADE
<p>Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión centrándonos no pobo xitano (CA1.5, Xeografía e historia).</p> <p>Identificar aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a colectivos discriminados (CA2.5, Xeografía e historia).</p> <p>Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes (CA2.5, Lingua castelá e literatura).</p> <p>Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, formais e no traballo en equipo (CA3.2, Lingua castelá e literatura).</p> <p>Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle (CA3.3, Lingua castelá e literatura).</p> <p>Valorar a importancia do patrimonio musical e dancístico como identidade das diferentes culturas, en concreto da xitana. (CA3.1, Música).</p>	<p>C1.5 Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo.</p> <p>C2.5 A construción das identidades culturais: o pobo xitano.</p> <p>C3.6 Convivencia cívica e cultura democrática. Participación en proxectos comunitarios.</p> <p>C3.7 Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</p> <p>C3.2.4 Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade e transformación en coñecemento.</p> <p>C3.2.2 Producción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais.</p> <p>C3.2.4 Utilización de plataformas virtuais e de recursos na rede para a realización de proxectos escolares.</p> <p>C3.2 As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural.</p>



5. SECUENCIA DE ACTIVIDADES

Produto final socialmente relevante

A finalidade desta unidade didáctica é preparar unha campaña para toda a comunidade educativa co lema “*Nin máis nin menos*” sobre a necesidade de mudar o papel das persoas que, por diferentes motivos, parten con desigualdade para encarar a vida e en especial no mundo xitano. Para preparar a campaña motivaremos ao alumnado a través da primeira actividade, coa lectura e posterior visionado de “*Partir de cero*” (entre outras curtas). A continuación desta primeira actividade, co fin de preparar a argumentación e posta en marcha da campaña, investigarán sobre os diferentes tipos de desigualdades que se poden dar na cultura en xeral e en particular na cultura xitana. Unha vez realizada esa fase, prepararán a súa intervención a través da campaña dun xeito claro e positivo.



TAREFA 1: NÓS PARTIMOS DE CERO?

Relación de actividades

1. Visionado de curtas sobre a discriminación e a desigualdade de oportunidades como un elemento motivador, por exemplo: “*Partir de cero*”.

2. Realizar, por equipos, unha análise argumental das curtas, propoñendo preguntas do tipo:

- » **Que nos transmite o vídeo?**
- » **É ficticio, unha película ou unha realidade? Por que?**
- » **Que linguaxe usan?**
- » **Que música empregan?**

No ANEXO 1 faise unha proposta de análise argumental.

.....

3. Organizados en equipos debaterán sobre as seguintes cuestións:

- » **Que finalidade cres que teñen estas curtas?**
 - » **Que coñecemos da cultura xitana?**
 - » **Cales son as situacións discriminatorias que amosan?**
-

4. Posteriormente ao debate recollerán por escrito as cuestións sobre as que reflexionaron e as súas conclusións.

.....

5. Cada equipo compartirá, nunha posta en común oral, os aspectos sobre os que debateron e as súas conclusións.

.....

6. Continuando en equipos farán unha síntese de cada unha das curtas, onde recollerán estes aspectos: personalidade das personaxes, aspectos positivos e negativos das curtas, con que contido moral pretenden que nos quedemos en cada unha das curtas...

7. Unha persoa representante de cada equipo expón o seu traballo, abrindo unha rolda de comentarios, para argumentar a prol ou en contra.
.....
8. Nun mural (pode ser dixital) recollemos os comentarios individuais, anotados en follas de cores autoadhesivas para poder agrupalos e atendendo aos seguintes aspectos:
 - » **A igualdade de oportunidades, a empatía, o respecto, a tolerancia e a xustiza...**
 - » **Ser dunha etnia, cultura, ou nacionalidade diferente fai que teñas máis ou menos oportunidades de acadar na vida aquilo que queres e desexas?**
 - » **Cres que pertencer ao pobo xitano ofrece máis ou menos acceso á igualdade de oportunidades?...**



TAREFA 2: NIN MÁIS NIN MENOS QUERE DICIR...

- » Traballarse sobre a imaxe social do pobo xitano (estereotipos, prexuízos e discriminación)

Relación de actividades

1. Por equipos, efectuarase unha avaliación inicial das ideas previas do alumnado, cunha reflexión guiada a través dun cuestionario, respecto a estes conceptos: xeneralización de ideas, prexuízos, ideas pre-concebidas, discriminación, racismo, virtudes éticas, valores, deberes morais e cívicos.
.....
2. Partindo da curta ou do libro *“Partir de cero”* (presentado e analizado na actividade 1) buscaranse e anotaranse, por escrito, aquelas ideas que aparecen e que fan referencia aos conceptos mencionados.

3. A partir do material da Fundación Secretariado Xitano, por equipos, lerán e recollerán as ideas principais dos apartados "A imaxen social", "Estereotipos" e "Discriminación".
.....
4. Realizarase unha exposición coas conclusións de cada equipo (actividades 2 e 3) e elaborárase un documento conxunto onde quedarán recollidas aquelas ideas comúns do grupo. Unha opción de recollida é un panel expositor de gran formato, ou empregando os recursos tecnolóxicos dos que dispoña a aula (PDI, tabletas...).
.....
5. Indagarase en internet sobre campañas pola tolerancia e pola igualdade, como por exemplo:
 - » **Coñéceos antes de xulgalos, Día internacional da tolerancia**
 - » **Instituto das mulleres**Organizaranse tantos equipos como campañas analizadas.
.....
6. Recollerase a información recabada e os aspectos máis subliñables de cada campaña con respecto á tolerancia, á igualdade de oportunidades...poden empregarse diferentes soportes (papel ou dixital) .
.....
7. A partir dos textos da actividade 6, abrírase un debate coa exposición das ideas recollidas, as conclusións tamén serán anotadas no panel expositor do exercicio 4.
.....
8. En equipos preparamos a campaña e presentación do traballo realizado ao longo do proceso:
 - » **Un equipo prepara a presentación oral**
 - » **Outro equipo escribe un artigo para o blogue ou páxina web**
 - » **O terceiro equipo encárgase do guiión para a gravación e edición en vídeo do acto para poder compartir a través de medios dixitais... é dicir, empezárase a deseñar a campaña "Nin máis nin menos"**



TAREFA 3: ESTAMOS EN CAMPAÑA... "NIN MÁIS NIN MENOS"

- » Definición das liñas xerais da campaña "Nin máis nin menos" e posta en práctica (paso á acción)

Relación de actividades

1. Definiremos a finalidade da campaña que pretendemos levar a cabo:
 - » Que aportará á comunidade educativa?
 - » Axudará a respectar ao pobo xitano?
 - » Coñeceremos mellor as desigualdades?

.....
2. Por equipos, faise unha análise dos elementos dunha campaña. Pódese ver un exemplo guía no ANEXO 2.

.....
3. En equipos buscaremos e escoitaremos diferentes músicas que traten o tema do respecto polas diferenzas, a igualdade de oportunidades, a non discriminación... O alumnado poderá realizar achegas de cancións libremente.

.....
4. Cada equipo realizará un listado de cancións (playlist) que servirá de banda sonora á campaña e aportará un máximo de 3 cancións (promoverase a inclusión de cancións de cantantes e compositores xitanos).

5. Distribuiremos ao alumnado en equipos para realizar diferentes exercicios:
 - » **Crear un cartel para a presentación da campaña. En soporte dixital pódense empregar programas ou aplicacións gratuítas e de edición sinxelas**
 - » **Deseñar a presentación no centro educativo**
 - » **Deseñar a presentación na páxina web e/ou blog**
 - » **Facer un tríptico informativo**
 - » **Elaborar o guión para a gravación e posterior edición dun vídeo co fin de difundilo a través das canles do centro**
 - » **Xerar un código QR que conteña toda a información da campaña (na web existen multitude de programas gratuítos que xeran códigos QR**
.....
6. Seleccionaranse imaxes para ilustrar os lemas, ideas principais, principios e valores éticos presentados, fortalezas do pobo xitano...
.....
7. Cos equipos do exercicio anterior, concretaremos os seguintes puntos
 - » **Fixar un calendario para o inicio da campaña "Nin máis nin menos" e a súa difusión**
 - » **Definir os elementos organizativos e a decoración, así como a música ambiente**
 - » **-Gravación da campaña e comunicación coas persoas relevantes relacionadas co mundo xitano**
 - » **Obradoiros para os e as compañeiros e compañeiras do centro educativo sobre o proceso polo que chegamos ao deseño da campaña**

- » Aqueloutras dificultades ou carencias coas que non se contaran e que poden ir xurdindo ao longo de todo o proceso
- » Distribuiranse roles para a inauguración da campaña "Nin máis nin menos"
- » Ser guía da exposición da campaña
- » Distribuír trípticos informativos
- » Realizar entrevistas aos visitantes
- » Facer fotografías para subir ao blog, web do centro, aula virtual...
- » Atender á necesidade de información dos visitantes
- » Encargarse de que a música non deixe de soar
- » Detectar fallos para poder melloralos

.....

9. Realízase a presentación da campaña "Nin máis nin menos", o alumnado realiza as tarefas encomendadas no exercicio 8.

.....

10. Rematada a campaña realízase unha valoración das aprendizaxes máis significativas obtidas, que lles poderá servir para realizar unha autoavaliación sobre que aprenderon coa campaña:

- » Identifico os elementos da igualdade de oportunidades
- » Son capaz de explicar as características culturais xitanas
- » Colaboro na realización de proxectos en equipo

 6. METODOLOXÍA

6.1. Concrecións metodolóxicas

Tanto no **Decreto 156/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o **currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia** coma na **Orde do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o **Decreto 156/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, establécense uns principios pedagóxicos comúns a todas as áreas. Estes principios pedagóxicos serán a base do enfoque metodolóxico a aplicar nesta unidade didáctica, prestando especial atención a:

- » Adaptación das propostas pedagóxicas a todo o alumnado atendendo á súa diversidade.
.....
- » Fomento da adquisición e desenvolvemento adecuado das competencias clave previstas no perfil de saída.
.....
- » Integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado.
.....
- » Emprego dun tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, para a realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado.
.....
- » Incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular.

Incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular. É preciso considerar como aspectos a traballar de especial relevancia os elementos transversais, en especial os relacionados con educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, o respecto mutuo, a cooperación entre iguais, a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.

6.2 Materiais e recursos

TAREFA 1	TAREFA 2	TAREFA 3
<p><u>"Partir de cero"</u></p> <p><u>Anexo I</u>: como analizar argumentalmente unha curtametraxe (curta)</p>	<p>Fundación Secretariado Xitano</p> <p>A imaxe social</p> <p>Estereotipos</p> <p><u>Discriminación</u></p> <p><u>Día internacional da tolerancia</u></p> <p><u>Instituto da muller</u></p>	<p><u>Anexo II</u>: análise e reflexión da campaña "Nin máis nin menos"</p>

6.3 Atención á diversidade

As referencias legais a considerar na atención á diversidade son a **Orde de 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación, así como o propio **Decreto 229/2011**. Nesta normativa de referencia podemos atopar as diferentes medidas ordinarias e extraordinarias susceptibles de aplicación na práctica docente.

Por outro lado, tamén hai que contemplar o establecido nos diferentes Protocolos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para a atención á diversidade, segundo as necesidades específicas do alumnado ao que se dirixa esta proposta didáctica.



7. AVALIACIÓN

Non todos os elementos indicados na concreción curricular anterior teñen que ser avaliados nesta unidade didáctica, poden ser avaliados noutros momentos do curso. Aquí explicitamos só os que se avaliarán e as ferramentas de avaliación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	% PESO ORIENTATIVO
Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión centrándonos no pobo xitano (CA1.5)	Rúbrica	Valora a diversidade cultural, pero non se implica por decisión propia en accións para favorecer a inclusión do pobo xitano.	15%
Identificar aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a colectivos discriminados (CA2.5)	Rúbrica	Identifica ao pobo xitano como colectivo discriminado.	20%
Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes (CA2.5)	Rúbrica	Localiza e selecciona información de maneira pautada procedente de dúas fontes.	20%
Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, formais e no traballo en equipo (CA3.2)	Rúbrica	Participa en interaccións orais implicándose pouco no traballo en equipo.	15%
Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle (CA3.3)	Rúbrica	Planifica a redacción de textos escritos considerando o propósito.	15%
Valorar a importancia do patrimonio musical e dancístico como identidade das diferentes culturas, en concreto da xitana. (CA3.1)	Rúbrica	Identifica o canto e o baile como elementos da identidade do pobo xitano.	15%

7.1. Avaliación do alumnado. Rúbrica.

CRITERIO DE AVALIACIÓN	A	B	C <i>MÍNIMO DE CONSECUCION</i>	D
Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión centrándonos no pobo xitano (CA1.5)	Valora a diversidade cultural e realiza accións para favorecer a inclusión do pobo xitano argumentando ao seu favor.	Valora a diversidade cultural e realiza accións para favorecer a inclusión do pobo xitano.	Valora a diversidade cultural, pero non se implica por decisión propia en accións para favorecer a inclusión do pobo xitano.	Non valora a diversidade cultural e non se implica en accións para favorecer a inclusión do pobo xitano.
Identificar aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a colectivos discriminados (CA2.5)	Identifica ao pobo xitano como colectivo sometido, silenciado e discriminado, especialmente ás mulleres.	Identifica ao pobo xitano como colectivo sometido, silenciado e discriminado.	Identifica ao pobo xitano como colectivo discriminado.	Non identifica ao pobo xitano como colectivo discriminado.
Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes (CA2.5)	Localiza, selecciona e contrasta información procedente de fontes diversas converténdoa nun texto propio.	Localiza, selecciona e contrasta información procedente de fontes diversas.	Localiza e selecciona información de maneira pautada procedente de dúas fontes.	Ten dificultade para localizar e seleccionar información.
Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, formais e no traballo en equipo (CA3.2)	Participa activamente en todo tipo de interaccións orais organizando o traballo do equipo e facendo propostas.	Participa activamente en todo tipo de interaccións orais e no traballo en equipo.	Participa en interaccións orais implicándose pouco no traballo en equipo.	Non participa en interaccións orais e implícase pouco no traballo en equipo.
Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle (CA3.3)	Ten en conta todos os aspectos necesarios na planificación e redacción de textos escritos e realiza moitas achegas persoais.	Ten en conta todos os aspectos necesarios na planificación e redacción de textos escritos.	Planifica a redacción de textos escritos considerando o propósito.	Necesita axuda na planificación e redacción de textos escritos.

CRITERIO DE AVALIACIÓN	A	B	C MÍNIMO DE CONSECUION	D
<ul style="list-style-type: none"> • Valorar a importancia do patrimonio musical e dancístico como identidade das diferentes culturas, en concreto da xitana. (CA3.1) 	Identifica e valora o canto e o baile como elementos representativos da identidade do pobo xitano, tanto lexendarios como actuais.	Identifica e valora o canto e o baile como elementos representativos da identidade do pobo xitano.	Identifica o canto e o baile como elementos da identidade do pobo xitano.	Non valora o canto e o baile como elementos da identidade do pobo xitano.

7.2. Avaliación da práctica docente.

PLANIFICACIÓN	
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Os obxectivos didácticos expresan claramente as competencias que ten que acadar o alumnado.	
A secuencia de contidos presenta unha distribución e unha progresión axeitada ás características do alumnado.	
A planificación das clases realizouse con flexibilidade, preparando actividades e recursos axustados ás necesidades e intereses do alumnado.	

REALIZACIÓN		
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA		OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Motivación Inicial	O plan de traballo presenta a súa finalidade e as instrucións previas sobre tema que se vai traballar son claras.	
Motivación ao longo de todo o proceso	Para manter o interese do alumnado partimos das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.	
	A información proporcionada dos progresos acadados así como das dificultades atopadas é un apoio importante para o alumnado.	
Presentación dos contidos	Os contidos e actividades son coherentes cos coñecementos previos do alumnado.	
	A adquisición de novos contidos é facilitada por estratexias como intercalar preguntas aclaratorias, sintetizar, exemplificar...	
Actividades na aula	As actividades propostas son variadas e equilibradas para asegurar a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.	
Recursos e organización da aula	A distribución do tempo é axeitada, adoptando distintos agrupamentos en función da tarefa a realizar, controlando sempre que o clima de traballo sexa axeitado e empregando recursos didácticos variados.	

REALIZACIÓN		
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA		OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado	Compróbase que o alumnado comprende as tarefas que teñen que levar a cabo facendo preguntas, verbalizando os procesos...	
	Empréganse estratexias de aprendizaxe como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas,... asegurando a participación de todo o alumnado.	
Clima de aula	Elabóranse normas de convivencia coas achegas de todas e todos reaccionando de xeito ecuánime ante posibles situacións conflitivas.	
	Foméntase o respecto e a colaboración entre o alumnado aceptando as súas suxestións e achegas.	
Seguimento e control do proceso de ensino e aprendizaxe	Proporcionáaselle ao alumnado información precisa sobre a execución das tarefas e as súas posibilidades de mellora.	
	Propóñense actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos insuficientemente acadados.	
	Propóñense actividades que permiten afondar nos obxectivos xa acadados.	
Atención á diversidade	Considérase o nivel de habilidades do alumnado e, en función delas, adáptanse os distintos momentos do proceso de ensino e aprendizaxe.	
	Realízase coordinación co resto de profesorado, para modificar contidos, actividades, metodoloxía, recursos... e adaptalos ao alumnado que presente dificultades.	

REALIZACIÓN		
	REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Avaliación	A avaliación inicial ao inicio de cada unidade didáctica está ben deseñada.	
	Os criterios de avaliación que atenden de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos están ben seleccionados.	
	Sistematicamente empréganse procedementos e instrumentos variados de recollida de información sobre o alumnado.	
	Utilízanse diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade do alumnado, das diferentes áreas, dos temas, dos contidos...	
	Empréganse diferentes medios para informar a familias, profesorado e alumnado (sesións de avaliación, entrevistas individuais...) dos resultados da avaliación.	



8. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR

PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS	DIVULGACIÓN SOCIAL DA TAREFA	COLABORACIÓN DE RECURSOS EXTERNOS E COMUNIDADE ESCOLAR
<p>Durante todo o proceso as familias serán convidadas a compartir información e coñecemento sobre os diversos contidos abordados.</p> <p>Para a inauguración da campaña final serán convidadas as familias e todos os membros da comunidade educativa.</p> <p>Si houberse familias xitanas no alumnado serían convidadas a ser parte activa durante todo o proceso: compartindo coñecemento, experiencias, materiais, etc.</p>	<p>A campaña resultante desta unidade didáctica será publicada na páxina web do centro e na revista escolar que se entrega cada final de curso ás familias do noso alumnado. Así mesmo formará parte dos diferentes recursos ofertados pola biblioteca do centro para préstamo ou consulta.</p> <p>Exposición nun espazo público de uso social da campaña realizada polo alumnado.</p>	<p>O recurso externo necesario é o espazo social necesario para realizar a exposición da campaña do alumnado.</p>


9. ANEXOS
ANEXO 1

COMO ANALIZAMOS ARGUMENTALMENTE UNHA CURTAMETRAXE (CURTA)			
TITULO			
BREVE RESUMO DA HISTORIA			
ESQUEMA ARGUMENTAL	Prólogo (problema/conflicto)		
	Desenvolvemento (curva do conflito)		
	Clímax		
	Desenlace		
VALORACIÓN ESTÉTICA	Está ben expresada a idea central?		
	É correcta a narración?		
	Estrutura musical adaptada		
	Procura de efectos especiais, trucos ou erros...		

COMO ANALIZAMOS ARGUMENTALMENTE UNHA CURTAMETRAXE (CURTA)		
FICHA TÉCNICA	Espazo de tempo no que transcorre a acción	
	Protagonistas (descrición física e psicolóxica)	
	Antagonistas (descrición física e psicolóxica)	
	Secundarios, extras, figurantes, especialistas...	
BANDA SONORA (ESCOITA E ANÁLISE)	Que che parece a música?	
	É acertada? (é moi lenta, rápida...)	
	Que emoción transmite (ledicia, pena, tristura...)	

ANEXO 2

ANÁLISE E REFLEXIÓN DA CAMPAÑA "NIN MÁIS NIN MENOS"		
NOME DA CAMPAÑA		
ASPECTOS A TER EN CONTA	Que espazo ou espazos ocupará no centro educativo	
	A quen vai dirixida	
	Duración da campaña (temporalización)	
	A través de que medios se vai a facer a súa difusión	
	Que valores transmite	
	Que sentimentos esperta (ledicia, pena, tristura...)	
	Que aspectos consideras que non se tiveron en conta e teñen que terse...	



1. IDENTIFICACIÓN

Título da unidade didáctica:

ENSINANZA XITANA!!

Áreas traballadas:

- » Xeografía e historia
- » Lingua castelá e literatura

Optativas:

- » expresión Artística
- » Proxecto Competencial
- » Cultura Clásica
- » Filosofía e Oratoria

Etapa: Educación secundaria obligatoria

Cursos: 4º



2. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN

O motivo desta unidade didáctica é achegar a persecución sufrida polo pobo xitano ao longo da historia, incidindo no holocausto, co fin de desenvolver un sentimento de empatía histórica que nos permita entender esta cultura tan cercana e ao mesmo tempo tan distante. A nivel curricular, segundo o disposto no [Decreto 156/2022](#), esta unidade didáctica ten unha relación directa coa área de Xeografía e Historia. Esta relación concrétese no obxectivo de área 6 (OBX6) - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural en que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e

valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade. No enfoque que se debe de aplicar para acadar este obxectivo, entre outras, aparece a seguinte recomendación "Así mesmo, é preciso o coñecemento e difusión doutras culturas, particularmente a propia do pobo xitano, contribuíndo así á valoración das diferenzas culturais, así como o recoñecemento e a difusión da historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, para promover o seu coñecemento e reducir estereotipos. Neste sentido é fundamental erradicar comportamentos segregadores, especialmente os relacionados co xénero e coas diferenzas etnoculturais, así como o desenvolvemento de actitudes e accións en favor da igualdade real entre mulleres e homes, e da convivencia con persoas diferentes". O elemento motivador, e de inicio, será a visualización da exposición "Historia e cultura do pobo xitano" da Asociación Ensinantes con Xitanos (aecgit.org).



3. DISEÑO CURRICULAR

XEOGRAFÍA E HISTORIA			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
CA1.4. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	C1.1 Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal.	» Obxectivo 6	» CCL5, CPSAA3, CC3, CCEC1

XEOGRAFÍA E HISTORIA			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA2.7. Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.</p> <p>CA2.9. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.</p> <p>CA3.3. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.</p>	<p>C2.2 Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.</p> <p>C2.11 Conflitos e violencias no período de entreguerras: orixe, desenvolvemento e consecuencias directas da Segunda Guerra Mundial. Estudo crítico e comparativo. O holocausto xudeu e as súas consecuencias na historia mundial.</p> <p>C3.4 Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais.</p> <p>C3.7 A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.</p>	<p>» Obxectivo 3</p> <p>» Obxectivo 6</p>	<p>» STEM5, CPSAA3, CC3, CCEC1</p> <p>» CCL5, CPSAA3, CC3, CCEC1</p> <p>» CCL5, CPSAA3, CC3, CCEC1</p>

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	OBXECTIVOS	DESCRITORES OPERATIVOS
<p>CA1.1. Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.</p> <p>CA1.2. Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística na contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre as linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.</p> <p>CA4.7. Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.</p>	<p>C1.1 Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio.</p> <p>C1.4 Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal.</p> <p>C4.2 Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</p>	<p>» Obxectivo 1</p> <p>» Obxectivo 8</p>	<p>» CCL5, CC2, CCEC3</p> <p>» CCL4, CC1, CCEC3</p>



4. CONCRECIÓN CURRICULAR

Os elementos curriculares seleccionados no apartado 3 secuencianse para esta unidade didáctica nos seguintes criterios e contidos:

XEOGRAFÍA E HISTORIA	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA UNIDADE	CONTIDOS DA UNIDADE
<p>1. Valorar a riqueza da diversidade e recoñecer actitudes discriminatorias na sociedade globalizada e multicultural actual, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. (CA1.4. CA2.9. e CA3.3)</p> <p>2. Identificar os principais feitos históricos e identificar a incidencia no presente (CA2.7)</p>	<p>Coñecemento e análise crítico de xenocidios e crimes contra a humanidade. Análise crítico do Holocausto xitano. Actitude positiva cara ás alianzas e institucións internacionais, mediación e xustiza universal (C1.1 e C2.11)</p> <p>Reflexión crítica e exposición de xuízos propios e argumentados ante a situación real do pobo xitano en Galicia (C2.2)</p> <p>Interiorización da responsabilidade colectiva e individual. Coñecemento das principais asociacións que traballan en prol da comunidade xitana (C3.4)</p> <p>A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. (C3.7)</p>
XEOGRAFÍA E HISTORIA	
<p>3. Recoñecer e valorar a orixe, o desenvolvemento histórico e sociolingüístico do romaní (CA1.1).</p> <p>4. Reflexionar sobre os prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural (CA1.2).</p> <p>5. Analizar a situación actual da lingua usada polo pobo xitano e as súas aportacións á lingua castelá. (CA4.7).</p>	<p>A lingua caló: Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos de contacto entre linguas: préstamos (C1.1 e C1.4).</p> <p>Lectura de artigos en diversos formatos sobre o Holocausto e os usos lingüísticos. (C4.2).</p>



5. SECUENCIA DE ACTIVIDADES

Produto final de uso social

O produto final, e socialmente relevante, desta unidade didáctica é a organización dunha exposición das maletas de vida elaboradas polo alumnado. Estas maletas, ou caixas, recollen os obxectos ou produtos que son importantes na vida das persoas, nas relacións familiares, nas festas e tradicións.

A realización das actividades rematará cunha exposición organizada, de xeito guiado e na medida das súas posibilidades, polos propios nenos e nenas do grupo.



TAREFA 1

- » Realizar unha investigación sobre o pobo xitano, o Holocausto e o Porrajmos (holocausto xitano) para compartila de xeito oral e escrito

Relación de actividades

1. Visionar "Lección Xitana" da Fundación do Secretariado Xitano, como elemento motivador.

2. Realizar unha recollida de ideas previas, de xeito anónimo e por escrito, a través dun cuestionario que permita identificar os coñecementos e prexuízos (ou non) acerca do pobo xitano. As preguntas serán do tipo: sabes que significa "porrajmos"? Cal é a procedencia da palabra "currar" e de "napia"? Coñeces a algunha persoa artista xitana? Tes algún amigo ou amiga xitana? Que opinión che merecen? etc.

3. A partir do material da Fundación Secretariado Gitano "Itinerancias. A viaxe Rom", organizados en 6 equipos reelaborar nun texto expositivo a información referida aos seis apartados para ter un documento base de referencia sobre o pobo xitano:

- » Inicio da viaxe
- » A segunda oleada
- » A gran catástrofe
- » Bloque comunista
- » A terceira migración
- » Os xitanos en España

Si algún equipo quere, pode completar con información doutras fontes o texto.

4. Cada equipo realizará unha posta en común oral acerca da súa parte para que todo o grupo comparta a información.

5. Organizados en equipos buscar información sobre diversos aspectos da II Guerra Mundial:

- » Antecedentes
- » Motivos que a desencadeou

- » Países implicados
- » Zonas do conflito
- » Personaxes relevantes
- » Cronoloxía destacada
- » Principais batallas
- » Armas e estratexias
- » Consecuencias

6. Cada equipo elaborará unha infografía en soporte dixital, empregando para deixar, de xeito visible e claro, a síntese da información recollida e reelaborada. Outra opción é a creación dun mural virtual.

7. Centramos a nosa atención no Holocausto. Visualizamos un fragmento "La vida es bella".

8. A partir de aquí recompilamos a información específica sobre este apartado noutra infografía organizados de novo en equipos:

- » Pobos perseguidos
- » Nomes dos campos de concentración
- » Datos de persoas mortas
- » Datos de sobreviventes
- » Máis información sobre o [Holocausto](#)

9. Visualizarase *"El holocausto gitano. Porrajmos"*
10. Poñeremos en práctica o xogo dos "Seis sombreiros para pensar", na que en función da cor do sombreiro asignado, cada alumno/a debe de aportar un enfoque diferente:
- » Branco Neutralidade pensamento obxectivo
 - » Vermello. Paixón e expresión de sentimentos
 - » Verde: Pensamento creativo
 - » Negro: Punto de vista crítico e cauteloso
 - » Amarelo: Optimismo e busca de vantaxes
 - » Azul: Control da dinámica do xogo. É o "sombreiro dos sombreiros"



TAREFA 2

- » Escritura dunha carta persoal adicada a un ser querido poñéndonos en situación de ser un personaxe do Holocausto

Relación de actividades

1. Por que é importante estudar as guerras? Que aprendemos despois de estudar o Holocausto? A continuación da actividade anterior iniciamos esta posta en común. De xeito individual e oral, cada persoa da aula expoñerá as súas conclusións e reflexións. A persoa docente fará unha síntese das achegas realizadas.
.....
2. Elaboración dun glosario de termos que teñen que ver con sentimentos, derivados dos exercicios realizados na actividade anterior, asociados a sentimentos e emocións que provocan en cada un de nós:
 - » Medo
 - » Ira
 - » Tristura
 - » Alegría
 - » Empatía
 - » Odio
 - » Etc........
3. Empregaremos toda a información recollida, reelaborada e debatida, para formarnos unha imaxe da personaxe que queremos ser e que formou parte do Holocausto (víctimas, sobreviventes, enfermeiras, soldados, Hitler,...) e a que persoa, moi querida, lle queremos enviar a derradeira carta antes do final da II Guerra Mundial.

4. Analizamos as características da carta como texto epistolar incidindo nas súas propiedades relevantes:

- » **Destinatario**
- » **Formato**
- » **Fórmulas fixas**
- » **Estrutura**
- » **Contido**

Serán importantes tamén a redacción e a ortografía.

5. Escritura da carta, desde a personaxe coa que nos sentimos máis identificados, á persoa destinataria que para nós é moi importante. O soporte que se empregará para o texto final intentará ser esteticamente atractivo (papel envellecido, cores pastel, etc). Na valoración deste exercicio teranse en conta:

- » **O formato**
- » **O uso de fórmulas fixas**
- » **A redacción**
- » **O contido**
- » **A ortografía**



TAREFA 3

- » Instalación artística nun espazo do centro educativo, para compartir coa comunidade o traballo realizado ao longo desta proposta

Relación de actividades

1. Buscamos e presentamos instalacións artísticas como manifestación da arte contemporánea con temática relacionada co pobo xitano.
.....
2. Buscamos e visualizamos vídeos onde se faga unha presentación de persoas xitanas famosas que destacaron en diferentes ámbitos.
.....
3. Indagamos acerca de persoas xitanas que destacaron no campo da arte, nas súas diferentes manifestacións. Organizados en equipos cada un encárgase dun ámbito diferente:
 - » **Musicais ou auditivas**
 - » **Corporais ou do espectáculo**
 - » **Artes plásticas**
 - » **Literarias**

4. Recollemos os datos e, con imaxes destas persoas, cada equipo elabora unha colaxe entrelazando texto e imaxe. Pode ser en papel ou dixital.
.....
5. De xeito individual elaboramos un bosquexo do deseño e dos materiais da instalación artística que imos a realizar nun espazo visible do centro educativo. Os materiais obrigatorios que teñen que formar parte da instalación son as cartas individuais escritas polo alumnado, as colaxes e as infografías elaboradas na primeira actividade.
.....
6. De entre todas as propostas elixírase a máis viable, orixinal e económica.
.....
7. Execución da instalación artística nun espazo do centro educativo, que permita que sexa visible para chamar a atención de toda a comunidade educativa. Preténdese provocar así unha reacción, ante un tema tan relevante e necesario como é o respecto e tolerancia de cara aos pobos e culturas diferentes ao propio.
.....
8. Organizados en tres equipos preparamos a inauguración e presentación do traballo realizado ao longo do proceso. Un equipo prepara a presentación oral incidindo nestes aspectos:
 - » **A fala**
 - » **O vocabulario**
 - » **O volume**
 - » **A comprensión**
 - » **A postura e o contacto visual**
 - » **O contido**

Outro equipo escribe un artigo para o blog, páxina web, aula virtual. O terceiro equipo encárgase da gravación e edición en vídeo do acto para poder compartilo a través de medios dixitais.



6. METODOLOXÍA

6.1. Concrecións metodolóxicas

Tanto no **Decreto 156/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia coma na **Orde do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o **Decreto 156/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, establécense uns principios pedagóxicos comúns a todas as áreas. Estes principios pedagóxicos serán a base do enfoque metodolóxico a aplicar nesta unidade didáctica, prestando especial atención a:

- » Adaptación das **propostas pedagóxicas** a todo o alumnado atendendo á súa **diversidade**.
- » Fomento da adquisición e desenvolvemento adecuado das **competencias clave** previstas no perfil de saída.
- » Integración das **distintas experiencias e aprendizaxes** do alumnado.
- » Emprego dun **tempo do horario lectivo**, nos termos recollidos na súa **concreción curricular**, para a realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado.
- » Incorporación dun **tempo de lectura e práctica da oratoria** nos termos recollidos na súa concreción curricular.

É preciso considerar como aspectos a traballar de especial relevancia os elementos transversais, en especial os relacionados con educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, o respecto mutuo, a cooperación entre iguais, a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.

6.2 Materiais e recursos

Neste apartado detállanse os materiais e recursos por actividade.

TAREFA 1	TAREFA 2
<p>Lección Xitana</p> <p>Itinerancias. A viaxe Rom</p> <p>Vidas xitanas</p> <p>Xitanos, os olvidados do Holocausto</p> <p>Nenos romaní (xitanos) usados nos estudos de raza</p> <p>Unha cultural oral: Análise lingüístico</p>	<p>Papeis de diferente textura e cor</p> <p>Utensilios de escritura variados</p>

6.3 Atención á diversidade

As referencias legais a considerar na atención á diversidade son a **Orde de 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación, así como o propio **Decreto 229/2011**. Nesta normativa de referencia podemos atopar as diferentes medidas ordinarias e extraordinarias susceptibles de aplicación na práctica docente.

Por outro lado, tamén hai que contemplar o establecido nos diferentes Protocolos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para a atención á diversidade, segundo as necesidades específicas do alumnado ao que se dirixa esta proposta didáctica.


7. AVALIACIÓN

XEOGRAFÍA E HISTORIA			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	% PESO ORIENTATIVO
Valorar a riqueza da diversidade e recoñecer actitudes discriminatorias na sociedade globalizada e multicultural actual, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. (CA1.4. CA2.9. e CA3.3)	Rúbrica	Manifesta rexeitamento a calquera actitude discriminatoria co pobo xitano, especialmente as referidas ás mulleres.	20%
Identificar os principais feitos históricos e identificar a incidencia no presente (CA2.7)	Porfolio do alumno/a	Nomea feitos relativos ao Holocausto do pobo xitano.	20%
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA			
Recoñecer e valorar a orixe, o desenvolvemento histórico e sociolingüístico do romaní (CA1.1.)	Rúbrica	Identifica a orixe da lingua romaní no seu contexto histórico.	20%
Reflexionar sobre os prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural (CA1.2)	Rúbrica	Amosa actitude respectuosa cara á cultura do pobo xitano.	20%
Analizar a situación actual da lingua usada polo pobo xitano e as súas achegas á lingua castelá. (CA4.7.)	Porfolio do alumno/a	Coñece palabras concretas de uso cotiá	20%

7.1. Avaliación do alumnado. Rúbrica.

XEOGRAFÍA E HISTORIA				
CRITERIO DE AVALIACIÓN	A	B	C <i>MÍNIMO DE CONSECUION</i>	D
Valorar a riqueza da diversidade e recoñecer actitudes discriminatorias na sociedade globalizada e multicultural actual, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. (CA1.4. CA2.9. e CA3.3)	Expresa con claridade unha reflexión e análise sobre a situación actual do pobo xitano en Galicia.	Identifica aspectos positivos da diversidade cultural e recoñece a necesidade da posta en valor das mulleres.	Manifesta rexeitamento a calquera actitude discriminatoria co pobo xitano, especialmente as referidas ás mulleres.	Amosa indiferenza ante actitudes discriminatorias
Identificar os principais feitos históricos e identificar a incidencia no presente (CA2.7.)	Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial e realiza un paralelismo co Porrajmos.	Analiza diversos aspectos culturais e políticos que influíron no Holocausto do pobo xitano.	Nomea feitos relativos ao Holocausto do pobo xitano.	Non identifica ningún feito histórico dos traballados na unidade.
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA				
Recoñecer e valorar a orixe, o desenvolvemento histórico e sociolingüístico do romaní (CA1.1.)	Fai reflexións persoais sobre o desenvolvemento histórico e sociolingüístico das linguas usadas polo pobo xitano.	Nomea características relevantes do uso comunicativo da lingua propia do pobo xitano.	Identifica a orixe da lingua romaní no seu contexto histórico.	Descoñece a orixe da lingua.
Reflexionar sobre os prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural (CA1.2)	Realiza unha análise crítica sobre a orixe dos prexuízos e estereotipos lingüísticos.	Recoñece os prexuízos e defende a importancia da riqueza cultural que aporta o romaní e o caló.	Amosa actitude respectuosa cara á cultura do pobo xitano.	Non valora a lingua romaní nen o caló.
Analizar a situación actual da lingua usada polo pobo xitano e as súas achegas á lingua castelá. (CA4.7.)	Valora as achegas lingüísticas realizadas polo pobo xitano.	Aplica o vocabulario traballado a situacións concretas.	Coñece palabras concretas de uso cotiá.	Non é capaz de citar ningunha palabra.

7.2. Avaliación da práctica docente.

PLANIFICACIÓN	
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Os obxectivos didácticos expresan claramente as competencias que ten que acadar o alumnado.	
A secuencia de contidos presenta unha distribución e unha progresión axeitada ás características do alumnado.	
A planificación das clases realizouse con flexibilidade, preparando actividades e recursos axustados ás necesidades e intereses do alumnado.	

REALIZACIÓN		
	REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Motivación Inicial	O plan de traballo presenta a súa finalidade e as instrucións previas sobre tema que se vai traballar son claras.	
Motivación ao longo de todo o proceso	Para manter o interese do alumnado partimos das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.	
	A información proporcionada dos progresos acadados así como das dificultades atopadas é un apoio importante para o alumnado.	

REALIZACIÓN		
REFLEXIÓN TRAS A POSTA EN PRÁCTICA		OBSERVACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA
Presentación dos contidos	Os contidos e actividades son coherentes cos coñecementos previos do alumnado.	
	A adquisición de novos contidos é facilitada por estratexias como intercalar preguntas aclaratorias, sintetizar, exemplificar...	
Actividades na aula	As actividades propostas son variadas e equilibradas para asegurar a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.	
Recursos e organización da aula	A distribución do tempo é axeitada, adoptando distintos agrupamentos en función da tarefa a realizar, controlando sempre que o clima de traballo sexa axeitado e empregando recursos didácticos variados.	
Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado	Compróbase que o alumnado comprende as tarefas que teñen que levar a cabo facendo preguntas, verbalizando os procesos...	
	Empréganse estratexias de aprendizaxe como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas,... asegurando a participación de todo o alumnado.	
Clima da aula	Elabóranse normas de convivencia coas achegas de todas e todos reaccionando de xeito ecuánime ante posibles situacións conflitivas.	
	Foméntase o respecto e a colaboración entre o alumnado aceptando as súas suxestións e achegas.	

REALIZACIÓN		
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA		OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Seguimento e control do proceso de ensino e aprendizaxe	Proporciónaselle ao alumnado información precisa sobre a execución das tarefas e as súas posibilidades de mellora.	
	Propóñense actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos insuficientemente acadados.	
	Propóñense actividades que permiten afondar nos obxectivos xa acadados.	
Atención á diversidade	Considérase o nivel de habilidades do alumnado e, en función delas, adáptanse os distintos ritmos do proceso de ensino e aprendizaxe.	
	Aplícanse as medidas previstas na normativa e nos Protocolos. O enfoque das tarefas é aberto.	

AVALIACIÓN	
REFLEXIÓNS TRAS A POSTA EN PRÁCTICA	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Os criterios de avaliación que atenden de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos están ben seleccionados.	
Sistematicamente empréganse procedementos e instrumentos variados de recollida de información sobre o alumnado.	
Utilízanse diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade do alumnado, das diferentes áreas, dos temas, dos contidos...	
Empréganse diferentes medios para informar a familias, profesorado e alumnado (sesións de avaliación, entrevistas individuais...) dos resultados da avaliación.	



8. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR

PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS	DIVULGACIÓN SOCIAL DA TAREFA	COLABORACIÓN DE RECURSOS EXTERNOS E COMUNIDADE ESCOLAR
Si houberse familias xitanas entre o alumnado serían convidadas a participar en diferentes propostas organizadas coa súa colaboración: charlas, obradoiros, etc.	Convite a toda a comunidade educativa, incluíndo institucións e comunidade xitana si a houberse. Difundir a través da páxina web, blogue ou aula virtual a síntese e as imaxes do traballo realizado.	A comunidade escolar colaborará cunha participación activa na inauguración da instalación e axudando a divulgar o traballo realizado. Poderíase propoñer unha ENAPA (Escolas de Nais e Pais) a través dos centros de formación do profesorado.

5

BIBLIOGRAFÍA



5. BIBLIOGRAFÍA

LEXISLACIÓN

- » Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
.....
 - » DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
.....
 - » ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
.....
 - » DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
.....
 - » ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- » DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
.....
 - » ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
.....
 - » Estrategia Nacional para la Igualdad, Inclusión y Participación del Pueblo Gitano 2021-2030. Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030.

MATERIAL DE CONSULTA

- » Vargas del Amo, P. (2018). *Proyectos vitales de mujeres gitanas universitarias: abriendo caminos, acogiendo tradiciones*. Contextos Educativos. Revista De Educación, (21), 99–113. <https://doi.org/10.18172/con.3305>
.....
- » Gimeno, J. (1995). *Esquema de racionalización de una práctica compartida*. En AAVV. *Volver a pensar la educación*. (vol. II, pp.13-44). Morata.

- » Torres, J.(1991). *El currículum oculto*. Ediciones Morata.
.....
- » Gómez, A. (1993). *La gran redada de gitanos: España, prisión general de gitanos en 1749*. Presencia Gitana.
.....
- » Fraser, A. (2005). *Los gitanos*. Ariel.
.....
- » Fresno, J. M. (2017). *Las comunidades gitanas en la Unión Europea: ayer, hoy y mañana*. Revista Rediteia.Comunidades Gitanas: desafíos de sempre, estrategias urgentes, (49), 13-21. EAPN Portugal.
.....
- » Moya, J. e Horcajo, F. (coords.). Asociación Proyecto Atlántida. (2011). *Teoría y práctica de las competencias básicas*. Graó.
.....
- » Luengo, F. e Moya, J. (2017). *Mejoras educativas en España*. Anaya Educación.
.....
- » Joyce, B., Weil, M. e Calhoun, E. (2009). *Modelos de enseñanza*. Gedisa.
.....
- » Fernández, A. (1992). *Os cómics nas Aulas*. Edicións Xerais.
.....
- » McCloud, S. (1995). *Cómo se hace un cómic: el arte invisible*. Ediciones B.
.....
- » Perkins, D. (2010). *Making Learning Whole: How Seven Principles of Teaching Can Transform Education*. Jossey-Bass.
.....
- » Swartz, R. J., Costa, A. L., Beyer, B. K., Reagan, R. e Kallick, B. (2010). *Thinking-Based Learning: Promoting Quality Student Achievement in the 21st Century*. Teachers College Press.
.....
- » Fernández, B. e Filigrana, M.C. (2019) *Protocolo orientativo para la inclusión de la historia y la cultura gitana en el currículo escolar y la práctica docente*. Centro Nacional de Innovación e Investigación Educativa.
.....
- » Lacombe, B. (2010). *Melodía en la ciudad*. Editorial Luis Vives.
.....
- » Pérez, S. (2016). *Frida*. Editorial Edelvives.
.....
- » Walther, I. (2022). *Van Ghog. Obra completa*. Editorial Taschen.
.....
- » Rebel, E. (2017). *Autorretratos*. Editorial Taschen.
.....
- » Gonnord, P. (2012). *Retratos*. Editorial La Fábrica.
.....
- » Salinas, J., Giménez, P., Suárez, P. e Pérez, P. (2003). *Maj Khetane- Más juntos. materiales interactivos para trabajar la cultura gitana*. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

RECURSOS WEB

- » Asociación de Enseñantes con Gitanos. Exposición. <https://www.aecgit.org/exposicion.html>.
.....
- » Molleja, J. (16 de xullo de 2011). Ceija Stojka. Porrajmos: Te Bisterdon Tumare Anava. <http://porrajmostebisterdontumareanava.blogspot.com/2011/07/ceija-stojka.html>.
.....
- » Matilde.(27 de decembro de 2010).Lacho Krechuno Feliz Navidad. Palabras tendidas al viento. <http://palabrastendidasalviento.blogspot.com/2010/12/lacho-krechuno-feliz-navidad.html>
.....
- » Profesora Rocío. (14 de maio de 2009). El comic. Slideshare. https://es.slideshare.net/profesora_rocio/el-comic-1432503.
.....
- » Fperezr. (1 de xuño de 2009). Elementos del comic. Slideshare. https://es.slideshare.net/fperezr/elementos-del-comic-1517434?qid=233cd41c-6447-4aaa-bd43-d90bcef7b1e2&v=&b=&from_search=1.
.....
- » Baxtalo. (8 de abril de 2010). Baxtalo Maskarthemutno Romano e Dives, Feliz Día Internacional del Pueblo Rroma. Baxtalo's blog. <https://baxtalo.wordpress.com/2010/04/08/baxtalo-international-rromano-dives-feliz-dia-internacional-de-los-gitanos/>.
.....
- » Nimo, P. e Neira, M.T. Somos escritores por primera vez. Los personajes. Proyecto EDIA de Cedec. http://descargas.educalab.es/cedec/proyectoedia/reaprimaria/somos-escritores/los_personajes.html.
.....
- » Fundación Secretariado Gitano. <https://www.gitanos.org/>.
.....
- » Fundación Secretariado Gitano. Cultura gitana en Nosotros los gitanos. https://www.gitanos.org/documentos/madrid/paginas/sub_paginas/cultura/cultura_gitana.htm.
.....
- » Fundación Secretariado Gitano. La comunidad gitana. La familia: corazón de la comunidad https://www.gitanos.org/la_comunidad_gitana/la_familia_corazon_de_la_comunidad.html.es.

- » Fundación Secretariado Gitano. La Campaña. Conócelos antes de juzgarlos. <http://www.gitanos.org/conocelos/web/conocelos.php?s=0&p=0>.
- » Fundación Secretariado Gitano. Los gitanos son... Imagen Social. <http://www.gitanos.org/conocelos/web/conocelos.php?s=1&p=0>.
- » Fundación Secretariado Gitano. Los gitanos son... Estereotipos y Prejuicios. <http://www.gitanos.org/conocelos/web/conocelos.php?s=1&p=2>.
- » Fundación Secretariado Gitano. (2023). Discriminación y comunidad gitana 2023. Informe anual FSG. Autoedición. https://www.gitanos.org/centro_documentacion/publicaciones/fichas/156216.html.
- » Aula Intercultural. (16 de novembro de 2013). 16 de Noviembre, Día Internacional de la Tolerancia. <https://aulaintercultural.org/2013/11/16/16-de-noviembre-dia-internacional-de-la-tolerancia/>.
- » Instituto de las mujeres. Campañas de sensibilización. <http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/comunicacion/campanas/home.htm>.
- » Fundación Secretariado Gitano. (16 de novembro de 2018). Lección Gitana. [Archivo de Vídeo]. Youtube. <https://www.youtube.com/watch?v=P5T41bPGKqY>.
- » Fundación Secretariado Gitano. (2012). Itinerancias. El viaje Rom. Autoedición. <http://gitanos.org/publicaciones/itinerancias/descargas/itinerancias/ITINERANCIAS.pdf>.
- » Oleaque, J.M. e López, J. (2012). Vidas Gitanas. Lungo Drom. Fundación Instituto de Cultura Gitana. https://www.gitanos.org/upload/78/08/01-VID-vid_Vidas_gitanas.pdf
- » Figueras, A. (27 de xaneiro de 2013) Gitanos, los olvidados del Holocausto. El Mundo. https://gitanos.org/upload/93/50/el_mundo.pdf.
- » Fernández, T. e Tamaro, E (2004). La Segunda Guerra Mundial. Biografías y Vidas. La enciclopedia biográfica en línea. https://www.biografiasyvidas.com/monografia/hitler/guerra_mundial.htm
- » United States Holocaust Memorial Museum. Niños Romaní (gitanos) usados en estudios de raza. Enciclopedia del Holocausto <https://encyclopedia.ushmm.org/content/es/film/romani-gypsy-children-used-in-racial-studies>.

- » Pavlovski, F. (3 de agosto de 2018). Porrajmos, el Holocausto gitano. Página 12 <https://www.pagina12.com.ar/132412-porrajmos-el-holocausto-gitano>.
- » Fundación Secretariado Gitano. La comunidad gitana. Una cultura oral. https://www.gitanos.org/la_comunidad_gitana/una_cultura_oral.html.es.
- » Masdearte.com. La instalación como creación en el espacio: su desarrollo desde Kienholz. <http://masdearte.com/especiales/la-instalacion-como-creacion-en-el-espacio-caracteristicas-tipos-y-casos/>.
- » Prrofeesor Potâchov de Moldavia. Cómo hacer una buena exposición oral. http://www.aulastic.com/arruquero/docu/exposicion_oral.pdf.
- » Vilaubí, M., Alba, C. e Caño, C. (1 de outubro de 2010). Monográfico: Presentaciones Orales en Primaria. Observatorio Tecnológico <http://recursostic.educacion.es/observatorio/web/gl/cajon-de-sastre/38-cajon-de-sastre/933-presentaciones-orales-en-primaria>
- » Epo. (4 de setembro de 2012). Banco de rúbricas. Slideshare. <https://www.slideshare.net/slideshow/banco-de-rubricas/14169686>.
- » Instituto de Cultura Gitana. Cuadernos gitanos. <https://institutoculturagitana.es/cuadernos-gitanos/>.
- » Agareso, Comunicación para el Cambio Social. (7 de abril de 2018). Marcando la diferencia. [[Archivo de Vídeo](#)]
- » Fundación Secretariado Gitano. (7 de xuño de 2018). Telarañas #GitanasEnEstéreo. [[Archivo de Vídeo](#)].
- » Ravazsa. (16 de setembro de 2007). Historia del Pueblo Gitano I. [[Archivo de Vídeo](#)].
- » Ravazsa. (16 de setembro de 2007). Historia del Pueblo Gitano II. [[Archivo de Vídeo](#)].
- » Ravazsa. (16 de setembro de 2007). Historia del Pueblo Gitano III. [[Archivo de Vídeo](#)].
- » Ravazsa. (16 de setembro de 2007). Historia del Pueblo Gitano IV. [[Archivo de Vídeo](#)]. Youtube.
- » Ravazsa. (16 de setembro de 2007). Historia del Pueblo Gitano V. [[Archivo de Vídeo](#)].
- » Ravazsa. (16 de setembro de 2007). Historia del Pueblo Gitano VI. [[Archivo de Vídeo](#)].

- » Ramírez, J.D. (2005). La familia. No libro Matrimonio y boda de los gitanos y de los payos. CPEDA. https://www.gitanos.org/upload/69/14/la_familia.pdf.
- » Laparra, M. (coord.).(2006). La familia en la comunidad gitana. No libro Situación social y tendencias de cambio en la Comunidad Gitana. Universidad Publica de Navarra: ALTER Grupo de Investigación, Departamento de Trabajo Social. https://www.gitanos.org/upload/83/15/Situacion_social_y_tendencias_de_cambio_en_la_Comunidad_Gitana_La_familia.pdf.
- » Fundación Secretariado Gitano. Eco medios prensa escrita sobre la Campaña La Pregunta de Samuel. <https://www.gitanos.org/upload/45/13/EcoPrensaLapreguntaSamuel.pdf>.
- » Vega, A. Algunas aspiraciones gitanas. Do artigo Los gitanos en España. Unión Romaní. https://www.unionromani.org/pueblo_es.htm#aspiraciones.
- » Fundación Secretariado Gitano. La comunidad gitana. Los gitanos en el cine. https://www.gitanos.org/la_comunidad_gitana/cine.html.es.

- » Asociación Cultural Flamenco del Norte. La mujer gitana. <http://flamenconorte.elkartek.irun.org/428132990/presentacio/>.
- » Marqués, S. (3 de xullo de 2017). Gitanas en la universidad: "Yo rompí con la historia predefinida para mí". El diario de la Educación. <https://eldiariodelaeducacion.com/2017/07/03/gitanas-en-la-universidad-yo-rompi-con-la-historia-predefinida-para-mi/>.

RECURSOS WEB

- » Collage Photos. <https://www.collage.es>.
- » Canva. <https://www.canva.com/>
- » Piktochart. <https://piktochart.com/>
- » Wordle. <http://www.wordle.net/>
- » Libreoffice Impress. <https://es.libreoffice.org/descubre/impress/>
- » Glogster. <https://edu.glogster.com/>

» Scratch. <https://scratch.mit.edu/>

» Audacity. <https://www.audacityteam.org/>

» Openshot. <https://www.openshot.org/es/>

» Sutori. <https://www.sutori.com/>



XUNTA
DE GALICIA